AQUÍ E AGORA

18

XUÑO 2018

ÍNDICE

QUEIXAS AO MUNDO 2

- SISTEMA EDUCATIVO

COLABORACIÓNS EXTERNAS 3

- MARGOT SPONER

LITERATURA 5

- MICRORRELATOS
- LETRAS GALEGAS

DIME QUE... 11

- REIVINDICABAS AOS 18

CIENCIA 13

- CIENCIA, FEMINISMO E ANTIBIÓTICOS
- MESENTERIO
- NOVIDADES
- O NOSO AMIGO FÉLIX

MÚSICA 18

- TODO É MÚSICA
- CANCIÓNS DE OT
- KPOP

MODA 25

29 O MUNDO DO XOGRAR

- RADIO
- DÍA DO LIBRO
- ÁLBUM
- TEATRO CLÁSICO

37 SERIES

39 ENTREVISTAS

- OS XERANIOS DO SEÑOR ALFONSO
- ANA BELÉN
- LAURA GARCÍA
- RESCATE EQUINO
- MARÍA REIMÓNDEZ

56 DEPORTES

58 VIDEOXOGOS

- INDIES

60 DESPEDIDAS

- 2º DE BAC
- ESPERANZA

64 AGRADECEMENTOS

EDICIÓN

Hai despedidas que chegan de súpeto, sen previo aviso e sen practicamente tempo para reaccionar. Despedidas que parece que nunca chegarán por moitas ganas que teñas de pasar páxina. Despedidas que sabes que chegarán nalgún momento, pero desexas profundamente que se retrasen, que se lles peguen as sabas un luns pola mañá. Despedidas hai moitas, pero no fondo todas teñen algo en común. Cando chegan, nunca son doadas, nin sequera aquelas que levas desexando dende moito tempo atrás. Ademais, acostuman vir acompañadas de moitos cambios e novas perspectivas. Este ano, para min é un deses momentos de inflexión, de tomar decisións e tratar de elixir por onde queres continuar. A continua loita entre un presente que se cabrea co futuro por non deixar ningún tipo de rastro que seguir tras del. Cada un ten que tratar de definir o camiño que quere seguir. Non é doado, as dúbidas percorren todo o teu ser e, cando por fin atopas ese paso de peóns perfecto que che permite seguir o teu camiño sen perigo aparente, decátaste de que non te leva a ningures. Porque cada un debe crear o seu propio recorrido e ese paso de cebra tan só é un falso guión; como cando che din que debes estudar bacharelato e facer unha carreira, como se se tratasen duns pasos máxicos e imprescindibles. En realidade, cada quen ten que ser capaz de saber cando está facendo algo porque o mundo o está programando para facelo ou cando o fai por decisión propia. Camiños hai miles e todos son válidos, nunca sabes cal te fará máis feliz, pero supoño que o importante non é o camiño se non como sexas capaz de enfocalo.

Con estas verbas trato de despedirme de AeA, unha AeA que se fai maior de idade e, como tal, tamén terá que asumir responsabilidades e novos retos. Seguir evolucionando e axudar ao alumnado a crecer e a formarse. Non sei que esperades deste número 18. Coma sempre, supoño que é a imaxe dun curso máis. O primeiro para algúns, o último para outros. Este ano traemos moitas entrevistas, recordos, opinións e despedidas. Ollade o índice a modo de resumo, pero pasade as follas se queredes descubrir realmente o que esconden.

Como dixen ao principio, as despedidas nunca son doadas e eu non son profesional nisto de dicir adeus. Quizais prefira os "vémonos" ou simplemente marchar na metade dunha frase, sen explicacións. Porque marchar evitando a despedida acostuma ser tentador. Sei que AeA seguirá presente, que a ollarei dende unha nova perspectiva agardando que todo lle vaia ben.

Para os que os que vos toca sacar adiante a próxima edición, creo que o máis importante é que vos ilusionedes, que vos sintades implicados e responsables de que todo siga a frote. Prométovos que, ao final, vos daredes conta de que AeA vos deu moito máis do que vós lle destes.

Supoño que, ao fin e ao cabo, despedímonos das cousas ás que cremos pertencer. Das cousas que sentimos próximas e queremos. AeA forma e sempre formará parte de min por moito que este ano me baixe do barco.

Laura López Pereiro
Xuño 2018

QUEIXAS AO MUNDO

Querido sistema educativo español:

Fai xa demasiado tempo que quería escribirche. Que por que non o fixen antes? Supoño que o motivo é que creo que non vou dicir nada novo, nada que non pensase e dixese antes ca min outra persoa. Gústeche ou non, es un tema recurrente. Todos te viven nalgún momento da súa vida e, sendo claros, son moitos os que te aborrecen.

Hai moitas cousas que me gustaría que cambiases, pero sei que o que eu pense non fará que ninguén mova os fíos para tratar de mellorarte. Seguramente haxa quen pense que non teño nin idea do que digo e, seguramente teña razón, porque sempre vivín dentro da túa ridícula burbulla. Porque si, no fondo, os centros escolares non deixan de ser micromundos. Micromundos onde os números seguen a ser os que dominan os días, pero esta vez, non en forma de diñeiro. As notas son a moeda de cambio e debes adaptarte ao seu mecanismo pautado para conseguir as máis altas posibles.

Como na evolución, sobreviven os mellor adaptados, selección natural. Pero, adaptados a que? Non creo que a especie vaia mellorar por máis datos que memoricemos nin por máis rápidos que sexamos facendo exames. E, para evolución, a da educación. Onde quedou? Por que seguimos empeñados en forzarnos a estar sentados todo o día fronte a un libro, pretendendo que eso sexa suficiente para descubrir o mundo?

Gustaríame chegar a ver un día escolas que non parezan cárceres, que non nos cataloguen só como aptos ou non aptos. Que ninguén sexa un oito, nin un cinco nin un tres. Porque somos humanos, non productos.

Laura López Pereiro

MARGOT SPONER, UNHA ROMANISTA DACABALO POLAS TERRAS DE SARRIA

A filoloxía románica, o estudo das linguas que naceron do latín, viviu un período de esplendor en Europa despois da Primeira Guerra Mundial. A idea humanista e europeísta de que o coñecemento das linguas e das culturas era a única maneira de impedir outra guerra, fomentou proxectos de investigación e intercambios de estudantes, creándose redes pacifistas e antifascistas, amizades sen fronteiras que foron fundamentais para protexer a vida trala chegada ao poder de Hitler en Alemaña, da Guerra Civil española e da Segunda Guerra Mundial.

Unha das intelectuais europeas que mellor encarna a conxunción desta filoloxía aberta e intercultural e da ética pacifista antifascista é a romanista alemá Margot Sponer. Margot naceu en 1898 na cidade de Neisse –hoxe Nysa–, en Silesia, nun territorio daquela prusiano e hoxe polaco. A súa irmá maior, Hertha Sponer, foi unha física eminente, unha das primeiras doutoras europeas nesta área.

Margot Sponer realizou brillantes estudos universitarios de filoloxía en diferentes universidades europeas, doutorándose na Universidade de Berlín, a actual Humboldt-Universität, coa que probablemente sexa a primeira tese realizada sobre a lingua galega, *Altgalizische Urkunden* ou *Documentos antigos de Galicia*, lida o 20 de xuño de 1935 e merecedora da máxima cualificación. Para este proxecto, a romanista realizou unha estadía de investigación en Galicia e Portugal nos meses de verán e outono de 1926, viaxe que a levou a percorrer as catro provincias galegas e a encontrarse con intelectuais como Pablo Pérez Costanti, Casto Sampedro ou Vicente Risco. Interesada pola lingua viva, e non só polos arquivos, viaxou, entre outros moitos lugares a Sarria e aos montes do Cebreiro, percorrendo dacabalo a xeografía e tomando notas das variantes dialectais nas súas conversas coas xentes galegas. A prensa da época fíxose eco desta visita, froito da cal Margot Sponer publicou en 1927 no nº 37 da revista *Nós* o artigo “Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega”. É interesante lembrar que na primavera dese mesmo ano de 1926 rematara a súa segunda campaña fotográfica en Galicia a estadounidense

Ruth Matilda Anderson. Ruth e Margot, así como Herta, son exemplos admirables dunha avanzada feminina que estaba abríndolles ás mulleres universos tradicionalmente reservados aos homes.

A partir de 1933, o acceso ao poder do partido nazi en Alemaña cambiou o destino de Margot Sponer. Muller, progresista e europeísta, foi unha das expulsadas da Universidade de Berlín, onde era docente no departamento de Español, como consecuencia das leis de depuración e nazificación da universidade alemá, que tamén regulaban a presenza feminina universitaria, non desexada nun primeiro tempo polo nazismo.

Sponer tomou a decisión de ficar en Berlín; hoxe sabemos por qué. Esas redes romanistas europeas entre estudantes e profesores, ás que antes aludín, serviron para exfiltrar de Alemaña persoas xudías e opoñentes ao réxime nazi, así como para tentar intermediacións diplomáticas. Margot Sponer formou parte desa resistencia civil alemá antinazi, e dende Berlín activaba, infatigable, a súa rede de contactos, preservando vidas, ofrecendo apoio a persoas moi marcadas polo réxime, enviando diñeiro e paquetes de alimentos a resistentes detidos en campos de concentración. Vixiada pola policía política do Reich, Margot foi asasinada en Berlín polas SS o 27 de abril de 1945, tan só uns días antes da rendición da cidade, o 2 de maio.

Na resistencia civil fronte ao nazismo, tiveron unha importancia decisiva as mulleres europeas. As admirables razóns que levaron a Margot Sponer e a tantas outras persoas a aceptar o compromiso dunha loita individual ou colectiva, pero sempre sen armas, ante un adversario super-armado e desprovisto de todo sentido moral, forman parte da nosa irrenunciable formación ética e intelectual europea.

Dende Galicia, o profesor e romanista Antón Figueroa Lorenzana dedicoulle en homenaxe un estudo á súa persoa e á súa obra: *Margot Sponer: Do galego antigo ás fronteiras da resistencia* (Edicións Laiovento, 2017).

Non esquezamos nunca, en terras de Sarria, a Margot Sponer, muller antifascista, romanista dacabalo que levou as nosas vogais ao lugar sen fronteiras do saber e da dignidade humanas.

María Lopo

MICRORRELATOS DE MEDO

TERROR

Na noite máis escura do ano víase unha figura correndo, correndo sen mirar atrás; escapaba, pero non se sabía de que, simplemente escapaba: das árbores, do vento,das casas, da luz, da mesma escuridade. Fuxía de todo e á vez de nada, só corría. A misteriosa figura acababa de experimentar o terror en estado puro. Lembraba as sombras, o medo que sentira, pero sobretodo, lembraba o sangue, o sangue dos seus amigos en conxunto cos berros e prantos mentres eran atacados polos pantasmas, zombis e esqueletos dos seus seres queridos xa mortos. E agora, os seus amigos, os seus pobres e desafortunados amigos, eran parte deles.

Álex Villanueva Río

FALANDO CUN MORTO

Era o día antes da misa de todos os Santos no pobo de Ana. Cando súa nai lle mandou levar o ramo á lauda familiar Ana receou debido á torboada que estaba a caer, pero a nai insistíu e tivo que ir.

Cando chegou só estaba ela, pareceulle raro xa que neses días sempre hai xente levando flores ou limpando pero pensou que era lóxico debido ao torbón que non cesaba. Nun intre e sen darse conta apareceu un home da nada e púxose a parolar con ela. O home chamábase Xoán e era da casa de Campo. Cando Ana chegou á casa e lle contou a súa nai e a súa avoa que estivera falando co tal Xoán da casa de Campo, dixéronlle asustadas que erea imposible, que ese home morrera había uns vinte anos.

Diego Rivera Fernández

A MEDIANOITE

Era medianoite na casa dos Martínez. O pai e a nai saíran a cear e os dous nenos estaban a cargo do avó. A noite estaba pechada e dende o cuarto podíase escoitar o son dos corvos. Aos nenos non lles gustaba nada esa casa xa que estaba moi preto do Camposanto. Uxía e Serxio non tardaron en espertar cando escoitaron un ruído que proviña do corredor. Serxio

berrou por seu avó, pero este non respondía e Uxía ergueuse e abríu a porta. De súpeto

foise a luz e puido apreciar como dende o espello que estaba ao fondo do corredor, coa axuda da pouca luz dos farois do Camposanto, tiña algo detrás.Era a boneca que gardaba o avó da súa filla falecida o mércores 13 de outubrode 1963 a medianoite.

Judith Villasol Teijeira

A SOAS CON ELA

Era venres. Un venres escuro e gris no que a treboada e os refachos de vento foron os protagonistas da noite. Irene estaba agochada na cama. Fórase a luz e tiña medo.Ergueuse para prender unha candea.Cando volvía con ela ó cuarto oíu caer un lóstrego moi preto. Comezou a correr polo corredor. Ao chegar ao cuarto víu unha sombra debaixo da cama. Achegouse para ver que era. De súpeto abríuse a porta e apareceu a súa irmá que falecera tempo atrás. Levaba un coitelo na man.Irene comezou a correr polo corredor e a súa irmá corría tras dela berrando. Volvía por ela, viña para matala e levala xunto dela. Irene tropezou e caeu polas escaleiras escapando dela. Alí quedou, inconsciente no chan.

Gisela Villanueva Río

UNHA APARICIÓN ESTRAÑA

Vicenta era unha muller maior que non cría nas historias de mortos vivintes. Era a noite de Samaín, e ademais, había cinco anos que lle morrera o seu gato, e corenta, o seu home.

Mentres ela pensaba nas súas cousas, sentada na súa butaca diante da cheminea, un lóstrego alumeou o escuro cuarto, e, no fondo, viu un corpo ensanguentado, descomposto e deformado. Ao velo soubo axiña que era o seu…

Marcel Vázquez Herrmann

1 vaca, 2 vacas, 3 vacas…e seguían desaparecendo, xa pasaran dúas semanas dende a visita do xefe de policía, que marchara sen saber o porqué do sinistro que estaba a azoutarme, e ese mesmo día…onte, decidín investigar pola miña conta. Coa escopeta nunha man, e lanterna na outra fun baixo a escura noite ata os cortellos. Agardei horas e, ao decatarme

de que non pasaría o ladrón de vacas, decidín darlles unha boa cea ás vacas. Estaba a alimentar a Bessie, cando un relampo de luz rodeounos. Entón a gravidade deixou de manterme en terra e esmaiolei.

Espertei nun tanque cheo de líquido viscoso, abrín os ollos…e distinguín unha figura horríbel…un humano!Empreguei os meus tentáculos para fuxir do meu cárcere e…maldición! Osíxeno…non temos diso en Marte, notei un ardor na zona dos bronquios e caín no chan co tempo suficiente para ver dous humanos achegándose a min.

Carlos González Jaramillo

A VOZ

Erguínme entumecido na medianoite ao escoitar tres espaciados golpes. Acendín a candea, cubríndoa coa miña tremente man e dirixínme ao baño por aquel longo e estreito corredor.Alí estaba o meu amigo facendo ruído coma sempre.Pregunteille polo sangue das súas mans. Sinalou aquel corpo frío e sen vida. Do susto caín cara atrás, no chan conxelado, pero decateime de que o baño estaba cheo de sangue, e tamén as miñas mans, que portaban unha a candea e outra un coitelo. Mirei espantado cara ao meu corpo, volvín caer na conta de que era o meu.

Diego López López

NORUEGA EMBRUXADA

Rubén fíxolle caso e foi cara ao bosque para ver se iso que lle dixera seu avó era certo. El e Miguel pasaran pola ponte onde se vira por última vez a nena de cinco anos.. Atoparon o boneco que sempre levaba con ela cunhas manchas de sangue. Parecía levar aí moito tempo porque o sangue estaba seco. Nunha cova escura oíron uns risos infantís e a alguén dicindo " slutte a hate" (deixa de odiar) coma un murmurio. No camiño de entrada na cova atoparon milleiros de pétalos de rosas e, outra vez, a voz dicindo esta vez: ikke la meg vaere alene, men hun kommer tilbake (non me deixes soa, senón ela volverá) ikke forlat meg..

A voz calou e todo quedou en silencio.

Andrea Barbosa

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

MARÍA VICTORIA MORENO **A MULLER AMOR**

"A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor", declaraba María Victoria Moreno, en 1993, no congreso Poetas Alófonos en Lingua Galega.

Mª Victoria Moreno é a autora homenaxeada nas Letras Galegas deste 2018. Unha muller, non galega de nacemento, mais comprometida vitalmente coa cultura galega ao cento por cento dende que comezou a exercer profesionalmente no Instituto Masculino (agora "Lucus Augusti") da cidade de Lugo. Polo tanto **é unha escritora galega**. En Pontevedra viviu máis de corenta anos, até a súa morte en 2005 pois, aínda que deu clase dous anos en Lugo e catro en Vilalonga, a súa casa sempre estivo nesta vila. Á fin, debemos darlle a razón cando afirmaba ser galega: é a terra onde viviu máis tempo e sobre todo a terra e a lingua coas que se identificou.

A súa relación co galego comeza en Lugo, onde ensinaba Xesús Alonso Montero, con quen manterá unha estreita amizade durante toda a súa vida. Grazas a el mergúllase na lingua e sobre todo na literatura galega: "A actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeinos de quen foi o meu mestre, de quen me honro en recoñecer como mestre" escribiu no artigo "O mestre das palabras", sobre Alonso Montero. Desde ese momento María

Victoria converteuse nunha activista a prol da lingua galega, un compromiso vencellado ás reivindicacións de democracia e xustiza social.

En 1967 trasládase a Pontevedra onde impartiu Literatura castelá no Instituto Feminino

(agora Valle Inclán). Lembran as súas alumnas, entre elas Rosario Álvarez Blanco (catedrática de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, actual presidenta do Consello da Cultura Galega) que con María Victoria aprenderon tanto a tomar conciencia da realidade lingüística e cultural de Galicia como a gozar da literatura. Na ditadura franquista non se ensinaba lingua galega nin moito menos en galego, mais María Victoria dedicaba parte das clases de literatura española dos venres a ensinar literatura galega, a que as alumnas practicasen a escrita de textos en galego. Nese contexto de represión, o seu compromiso coa lingua expresouse tamén nos cursos de galego –a título voluntario, non remunerados– organizados pola asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, nos que participou desde 1972, dirixidos a mestras, mestres e persoas que non tiveran a posibilidade de estudar a nosa lingua.

En 1973 abre en Pontevedra, xunto a oito socias e socios, a libraría Xuntanza, onde se vendían, entre outros, libros como os de Castelao e Miguel Hernández prohibidos pola censura e editados fóra de España, sobre todo en Buenos Aires. Isto é unha mostra das múltiples actividades que levou a cabo en relación cos libros: escritora, profesora de literatura, tradutora, editora, libreira ou conferenciante.

Outros fitos relevantes producíronse en 1988. Nesta data publica *Anagnórise*, recoñecido en 1990 na Lista de Honra do IBBY (Consello internacional de libros para a mocidade), que selecciona cada dous anos libros excelentes nas distintas linguas. *Anagnórise* está considerado o seu mellor libro e un clásico da literatura xuvenil galega.

En 1999 publicou a novela xuvenil *Guedellas de seda e liño*, recoñecida na Lista White Ravens da Biblioteca Internacional para a Mocidade de Múnic en 2002. Como *Anagnórise*, o libro de María Victoria Moreno explora os conflitos de identidade na adolescencia.

En 1997 foi diagnosticada de cancro de mama. Comezou a loita contra a doenza, os tratamentos, a quimioterapia, o que a leva, segundo as súas propias palabras "a escribir a contra o reloxo". Ao mesmo tempo, esforzouse por continuar a súa vida, dando clase durante cinco anos máis, até 2002, en que a súa saúde a obrigou a xubilarse A reflexión sobre a súa experiencia co cancro reflíctese nun libro excepcional, o ensaio *Diario da luz e a sombra* (2004), no que combina a análise descarnada da enfermidade, as súas consecuencias, a recepción social, os cambios no comportamento dos demais, incluíndo a ocultación, con humor e ironía.

Nos últimos anos da súa vida María Victoria recibiu numerosas homenaxes. Que podemos aportar nós, os xograres, á celebración deste ano? Pois cremos que a mellor homenaxe que se lle pode facer a unha escritora: lela. E despois falala, escribila, debuxala, sentila e transmitila...non queremos ser receptores pasivos da súa obra, queremos participar e esmigallar os seus libros, queremos compartillar o inmenso amor que nos deixou, porque nós tamén temos fame de verbas.

As letras eran doces,

eu tiña fame

e decidín comelas

ata fartarme

Eu conto, ti cantas... **María Victoria Moreno**

Obra de María Victoria Moreno

MORENO, M.V.: "Crarisca e luceiro",Mar adiante, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, 1973.
MORENO, M.V.: *Los novísimos de la poesía gallega*, Madrid, Akal, 1973.
MORENO, M.V.: *Mar adiante*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, 1973.
MORENO, M.V.: "O cataventos", *Contos para nenos*, Vigo, Galaxia, 1979.
MORENO, M.V.: *A festa no faiado*, Vigo, Galaxia, 1983
MORENO, M.V.: "Comentarios de texto: descubrir a realidade", *Xornadas da Lingua Galega no Ensino*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1984.
MORENO, M.V.: *Literatura Século XX* , Vigo, Galaxia, 1985.
MORENO, M.V.: *Leonardo e os fontaneiros*,Vigo, Galaxia, 1986.
MORENO, M.V.: "Nico e Miños", *8 contos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1989.
MORENO, M.V.: *O cataventos*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1989.
MORENO, M.V.: "Querida avoa", *Lerias*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991.
MORENO, M.V.: *As linguas de España*,Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991, (Andel).
MORENO, M.V.: *Verso e prosa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991, (Andel).
MORENO, M.V.: "M.V.M., una profesora feliz de serlo", *CLIJ: cuadernos de literatura infantil y juvenil*, Barcelona, nº 41 (julio-agosto 1992).
MORENO, M.V.: "S.O.S.", *Contos de hogano*, Santiago de Compostela, El Correo Gallego, 1992.
MORENO, M.V.: "O libro das saudades e os degoiros", *Ruta Rosalía 1993*, Caixa Galicia. Santiago de Compostela, 1993.
MORENO, M.V.: "Pan con chocolate",*Relatos para un tempo novo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993.
MORENO, M.V.: "Querida avoa", *Contos do Castromil*, Vigo, 1993.
MORENO, M.V.: "Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto no que recibiu o Pedrón de Ouro", *Comentarios de textos populares e de masas*, Vigo, Xerais, 1994.
MORENO, M.V.: "¿Escritora alófona eu?",Alonso Montero, X., *Poetas alófonos en lingua galega*, Vigo, Galaxia, 1994.
MORENO, M.V.: *¿Un cachiño de bica?*,Vigo, SM, 1994.
MORENO, M.V.: *Anagnórese*, Vigo, Galaxia, 1997.
MORENO, M.V.: *¿E haberá tirón de orellas?*,Vigo, Galaxia, 1997.
MORENO, M.V.: "¡Xa non teño medo!", *A maxia das palabras*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998-1999.
MORENO, M.V.: "Estou a escribir a contrarreloxo". Entrevista con Xosé A. Neira Cruz. *Fadamorgana*, Santiago de Compostela, nº 3 (decembro 1999).
MORENO, M.V.: *A brétema*, Vigo, Ir Indo, 1999.
MORENO, M.V.: *Guedellas de seda e liño*,Vigo, Galaxia, 1999.
MORENO, M.V.: "Amigos de mil cores",*Campaña de Lectura 2001*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001.
MORENO, M.V.: "Carta de amor", *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2003.
MORENO, M.V.: "O encontro", *Un libro, a mayor aventura*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2003
MORENO, M.V.: "O grumete", *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2004.
MORENO, M.V.: *Diario da luz e a sombra*,Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2004.
MORENO, M.V.: *Eu conto, ti cantas*, Xerais. Vigo. 2005
MORENO, M.V.: *Elexías de luz*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2006.

DIME QUE...REIVINDICABAS AOS 18

PAZ PRIETO

Inglés

Eu tiven unha nenez e adolescencia moi cómoda dende o punto de vista da conciencia. Non me daba conta do que acontecía ó meu arredor.

Xa foi de moza cando nas longas sobremesas que tíñamos con frecuencia na familia, me decatei de que había temas que me facían pensar e, o máis importante, que me facían crear a miña propia opinión.

Máis tarde coa universidade e coas moitas viaxes que viñeron despois, dinme conta, pola miña propia experiencia, de todas as inxustizas que hai polo mundo adiante. A rabia apoderouse de min e con ela as ganas de loitar contra elas. Teño ido a moitas manifestacións e concentracións, firmado moitas peticións, sempre reivindicando o que me parecía e me parece xusto.

O mundo no que vivimos está cheo de situacións indignantes, hai xente que morre de fame en pleno século vinte un, que morre por guerras, hai xente que nos engana, que nos quere facer idiotas. Cada ano que pasa son máis consciente de como queren manipular as nosas vidas e ás veces o desánimo é moi grande, sen embargo o optimismo de que algo se pode facer volve a chegar, sobre todo cando vexo que varios estudantes do XOGRAR tamén teñen as mesmas inquietudes ca min, que expresan a súa indignación.

Un día vin unha rapaza cunha camiseta que poñía: “Penso, logo amolo”. Gustoume moito a mensaxe.

JORGE MARCOS LÓPEZ

Relixión

Vaia por diante que, aínda que hoxe non o pareza, sempre fun un rapaz inquedo que acostumaba a meterme en cantas fochancas había. Baixo esta premisa e pasando a miña época estudiantil no Seminario, podedes imaxinar que me caían paos por todos os lados.

Nunca esquecerei cando debatiamos temas tan escabrosos para a Igrexa oficial como o celibato, a opción preferencial polos pobres ou o sacerdocio feminino. Eramos varios os que disfrutabamos de encendidos debates, tanto a nivel público como privado, no que se trataban estes temas...e debo dicir, que aínda que ás veces os argumentos da parte contraria eran pouco menos que irrefutábeis, tiñamos por gala unha cabezonería que nos facía eternizarnos na discusión e, incluso, facer perder os bos modais en quen non debía. Lembro, neste sentido, con cariño, a un deles, sacerdote , pouco menos que fóra de si, prometendo ir ao Carqueixo para dar clase aos rapaces que non ían a clase....a día de hoxe, que eu saiba, aínda non foi.....

Pasaron os anos e as cousas seguen igual e, salvo raras excepcións, non cambiaron nin as mentalidades nin as normas. Eu seguirei formando parte e crendo nesa Igrexa que lle custa asomarse ás persoas con mais afecto que normas, mais tamén, aportando o grao de area para que a mensaxe de Xesús se adentre na sociedade, ainda que moitos, sexamos indignos trasmisores.

MIGUEL CUMBRAOS ÁLVAREZ

Francés

Os meus dazaoito? Xa me quedan un pouco lonxe. Eu coido que era unha persoa ben distinta a como son agora. Alumno do desaparecido COU (Curso de Orientación Universitaria), coas miñas dúbidas que se presentaban no momento de franquear retos sempre determiñantes na túa vida.

A miña forma de ver as cousas non distaba moito do enfoque que poden ter os alumnos que cursan nestes intres 2º de Bacharelato. Supoño que o normal nesas idades en materia de "inxusticias": lóxicos choques cos teus pais, aquel profe que non me deu a nota que merecía, considerarte o amo do mundo e o sabelotodo, etc. Cousas normais nun momento persoal de moito cambio e moita trascendencia.

Hoxe en día, coido que os adolescentes están moi pendentes do apartado tecnolóxico. Cecais, coa cantidade de recursos e medios que hai ao seu alcance, bótase de menos que non sexan máis ambiciosos en terreos como a reflexión, o debate, a participación, e incluso a solidariedade.

X. LOIS GUTIÉRREZ FAÍLDE

Historia

NON FACER NADA: NEN MILI, NEN PSS

A principios dos anos noventa, moitos de nós comezamos a entrar na idade de facer o servicio militar, que ata o ano 2000 tiña carácter obrigatorio para todos os mozos maiores de 18 anos de todo o estado español. Para os que deixaban os estudos despois da E.G.B. era un rito de paso: íbase á "mili" sendo un mozo e seica se volvía feito un home. A todos os amigos e familiares a experiencia do servicio militar fora, lonxe das anécdotas e as posibles amizades que un fai en calqueira experiencia fora do entorno máis achegado, algo inevitable e de escasa utilidade práctica. Para os demais que seguiamos nos estudos de bacharelato, fóisenos xurdindo unha certa conciencia antimilitarista ou pacifista que chocaba frontalmente contra esta prescrición do estado que nós viamos como unha inxerencia insoportable, ademais doutras reivindicacións e demandas que entón mantiñamos.

Daquela a información sobre as alternativas ao servicio militar era moi limitada. Non existía internet e os teléfonos seguían a soar nos domicilios aínda que xa se comezaba a ver algún polas rúas das cidades máis grandes. Todo o que podiamos facer era movernos polo boca a boca: iamos a manifestacións, conseguiamos brochuras e fanzines por correo postal, acudiamos a algunha que outra charla. A falta de información obrigábate a estar moi mobilizado e manter unha atitude esperta e curiosa. Dunha volta, un grupo de alumnos do instituto do meu pobo organizamos unha charla informativa con membros da CNT-Compostela, cara ao ano 1992. Nesa charla recibimos información clara e precisa, ofrecéusenos soporte xurídico e moito material informativo (pegatinas, brochuras, etc) Algúns de nós decidimos aquel día facérmonos insubmisos. Consultamos as posibles consecuencias cun avogado e vimos que era algo serio: podíanche caer 2 anos de cadea nun cárcere. Seguimos coa idea mentres prorrogábamos un ano tras outro a entrada ao servicio por estar cursando estudos superiores e organizabamos charlas infrormativas ou acudiamos a manifestacións por mozos encarcerados por insubmisión. Foi unha grande loita. Rematou para todos nós cun feito paradóxico: o presidente dun goberno ultraconservador, José María Aznar, foi o impulsor da retirada da obrigatoriedade do servicio militar no estado español, no ano 2000. Aí rematou a loita e o impulso de moitos mozos que rexeitabamos o militarismo e a inxerencia do estado nunha obriga que considerabamos inútil e irracional.

Ciencia, feminismo e antibióticos

Co motivo do día internacional da muller traballadora celebrado o 8 marzo, membros do grupo de investigación *Biomil* da Facultade de Ciencias Biolóxicas da Universidade Complutense decidiron adicar a anual festa do día Mundial da Biofísica a elas, as mulleres biofísicas. Celebrouse entón un encontro no que participaron diversas personalidades femininas da ciencia española, sendo a máis resaltábel, pola súa longa traxectoria, a bioquímica Margarita Salas. Xunto con ela, protagonizaron a mesa redonda que deu lugar a debate profesoras da Universidade Complutense como Marita Vallet-Regí e profesoras invitadas doutras universidades, como Itziar Alkorta, as cales adican a súa vida profesional ao mundo da ciencia.

Os temas e controversias que se puxeron riba da mesa xiraron en torno ás dificultades que supón ser muller e querer adicarse profesionalmente á ciencia. As participantes máis novas comentaron que a día de hoxe xa non se aprecia tanto esa brecha xeracional na cal se es muller e queres ser científica non es tomada en serio. Mentres que outras profesoras con máis experiencia destacaron que cando elas estudaban e dicían que quería ser científicas a sociedade e máis os seus compañeiros as ninguneaban, ao tempo que tiñan que soportar comentarios do tipo "pero ti para que queres estudar iso tan difícil, co ben casada que estás".

A pesar das dificultades que relataron algunhas das participantes, todas elas quixeron enviar ás máis novas unha mensaxe de positivismo e ánimo, facéndolles saber que o máis difícil xa estaba pasado e que agora só se precisaba continuar o comezado e que con forza e vontade non había nada imposíbel. Finalmente a xornada clausurouse cunha rolda de preguntas ás poñentes e cunha agradábel velada na que se brindou por e para as futuras mulleres investigadoras que traten de abrirse camiño neste mundo cada vez máis feminista.

Pola miña parte, é un pracer saber e poder participar cada día en máis iniciativas deste tipo, que poñen de manifesto o indispensábel papel da muller na ciencia e en moitos outros eidos do coñecemento do que anteriormente se viron afastadas.

De dereita a esquerda as protagonistas do evento: Itziar Alkorta, Lucía García Ortega, Marisela Vélez, Margarita Salas, Marita Vallet-Regí, Laura Rodríguez Arriaga e Chiara Autilio.

Centrándonos xa un pouco máis no tema científico que me gustaría achegarvos desta vez, hei de dicir que atopei a inspiración nesta xornada, xa que unha das científicas participantes (Itziar Alkorta) enfoca a súa investigación nun tema de gran actualidade científica, ó cal me gustaría adicar algunhas liñas de información e reflexión: a resistencia a antibióticos.

É ben sabido que dende o descubrimento do primeiro antibiótico (a famosa penicilina de Alexander Fleming en 1928) foron millóns as vidas que se lograron salvar, sendo así como as infeccións deixaron de ser a principal causa de mortandade a nivel mundial. Quizais sexa menos coñecido que, o feito de que patoloxías como o cancro ou enfermidades coronarias sexan hoxe en día a causa de maior mortandade no mundo occidental, non é porque aumentara a súa incidencia, senón porque a incidencia doutras doenzas baixou. É dicir, fai non tanto tempo, a xente non vivía o suficiente como para poder padecer enfermidades asociadas ó envellecemento porque morría moito antes a causa de enfermidades infecciosas. Todo isto acabouse coa chegada dos antibióticos, os cales abriron unha nova perspectiva do que hoxe coñecemos como medicina moderna. Sen antibióticos moitos procedementos que na actualidade nos parecen cotiáns (como operacións cirúrxicas, cesáreas, transplantes ...) non serían posibles por mor das infeccións que se contraerían nas feridas abertas sen a profilaxe que ofrecen os antibióticos.



Nembargantes, debemos saber que actualmente pode que xa nos atopemos na que algúns expertos están a bautizar como a *"era post-antibióticos"*. Por que? Seguro que moitos teredes oído falar das "*bacterias resistentes*" ou o que en inglés se coñece como "***superbugs***". Bacterias que somos incapaces de combater cos antibióticos coñecidos. Por que sucede isto? Porque as bacterias gozan dun sistema natural chamado **conxugación bacteriana** que lles permite intercambiar fragmentos de DNA que codifican xenes de resistencia a antibióticos. Entón cando unha bacteria, por mor dunha mutación ocasionada pola presión ambiental de estar sometido a presenza dun determinado antibiótico, se fai resistente a el, é moi sinxelo que propague esa resistencia ás bacterias que a rodean. É así como a resistencia a antibióticos vai "conquistando" cada vez máis microorganismos, ata chegar ao punto de que hoxe por hoxe é un dos problemas máis graves ós que se enfronta a saúde pública.

Pero ... de onde vén todo isto? Se as bacterias sempre foron capaces de adquirir esta resistencia e pasala dunhas a outras, por que é un problema agora cando non o foi antes? Porque o proceso estase a acelerar. É dicir, antes, cando se descubría un novo antibiótico tardábase un tempo en producirse ese "cotraataque" a modo de resistencia por parte das bacterias. Pero agora ese proceso é tan rápido que nin sequera é rentábel para as farmacéuticas destinar tempo e recursos a investigación de novos antibióticos porque en pouco tempo serán inservíbeis. Isto sucede polo uso inadecuado que se está a facer destes fármacos, polo consumo excesivo que se fai deles en situacións que non o requiren. Son moitas as persoas que abusan de medicamentos que non precisan, igual que son moitos os médicos que prescriben antibióticos sen que sexan necesarios. Esta práctica o único que consegue é someter as bacterias a esa presión de selección ambiental que as levará a desenvolver resistencia contra eles. Resistencia que acabará por expandirse cada vez a máis bacterias e que fará que a era "era *post-antibióticos*" sexa un paso cara atrás, unha volta á "*era pre-antibióticos*" na que a maior causa de mortalidade volverán ser as enfermidades infecciosas.

É por iso que esta na nosa man e é o noso deber informarnos, saber que, por exemplo, un refriado común está producido por un virus, e polo tanto non nos imos curar por moitos antibióticos que tomemos. Deste xeito aprenderemos a facer un uso responsábel dos antibióticos de maneira que non contribuiremos a expansión deste fenómeno de resistencia que nos voltará a facer escravos de infeccións que xa semellabamos ter superadas.

Carmela Cela Rodríguez

o "Novo ÓRGANo"



Durante o ano pasado un equipo de investigadores publicaron un estudo na revista *"The Lancet Gastroenterology & Hepatology"* declarando como órgano o mesenterio. A primeira mención deste ven dada da man de Leonardo da Vinci nun dos seus escritos sobre anatomía humana a comezos do século XVI. Sen embargo, ata este momento tívose a certeza de que era unha serie de pregues dobres no peritoneo da membrana que recobre o intestino.

"The Lancet Gastroenterology & Hepatology" afirma que o mesenterio non é un conxunto de estruturas illadas, senón que é un órgano que percorre toda a lonxitude do intestino.

PARA QUE SERVE O MESENTERO?



Este novo órgano serve de protección a toda unha rede de vasos sanguíneos, condutos linfáticos e nervios. Ademais de soster o intestino, o mesenterio proporciona protección aos órganos do sistema dixestivo e serve para amortiguar o roce entre estes órganos cando se moven a consecuencia da dixestión. Sen embargo, a súa función non está totalmente definida.

¿LOCALIZACIÓN?



O mesenterio une o intestino coa parede do abdomen e permite que se manteña no seu lugar.

POLÉMICA

A Federación Internacional de Asociacións de Anatomía aínda non recoñeceu como órgano omesenterio, sen embargo, Anatomía de Gray (unha das obras de referencia a nivel mundial en anatomía humana) utilizou a súa última edición para darlle ao mesenterio o estatus de órgano independente.



O obstáculo máis influínte para o seu recoñecemento dentro da federación é que, mesmo se contén vasos sanguíneos ou nervios, os investigadores non teñen claras as súas función principais.

Sen embargo, actualmente coñécense algunas patoloxías ligadas ao mesenterio. Por exemplo a esclerose mesentérica, que é unha inflamación seguida de fibrose e que afecta ao tecido graxo do mesenterio.

Paula Quiñoá Piñeiro

NOVIDADES NA CIENCIA

E-DIÉSEL

Audi creou un combustible sintético que se obtén da mestura de auga, hidróxeno e dióxido de carbono. A compañía asegura que non deixa ningún tipo de pegada medioambiental. Isto débese a que o dióxido de carbono que se utiliza se obtén do que xa está na atmosfera e, ao consumirse, emite a mesma cantidade de CO_2 que se empregou para a súa creación.

DETECTOR DA MENINXITE INFANTIL

Unha empresa española creou o primeiro dispositivo médico para detectar a meninxite infantil de forma non invasora nun breve período de tempo. Trátase dun instrumento similar a un bolígrafo que se coloca na zona do cranio do bebé, que aínda non se cerrou completamente, e detecta a concentración de glóbulos brancos no líquido cefalorraquídeo, situado entre a pel e o cerebro, indicador que determina a existencia ou non da meninxite.



MINICEREBROS PARA TRATAR O AUTISMO

Un grupo de científicos lusos, liderados pola investigadora Catarina Seabra, creará cerebros tridimensionais de 4 milímetros a partir de células dentarias de persoas autistas para estudar dita enfermidade. O obxectivo final do proxecto é personalizar a medicina para cada enfermo de autismo.

O CAFÉ DE CALIFORNIA PODE PROVOCAR CÁNCER

Un xuíz de Los Ángeles ditaminou que Starbucks e outras compañías de café deberán poñer unha etiqueta de advertencia por risco de cancro nos cafés e os seus derivados que vendan en California. Isto débese a que o café que venden conten altos niveis de acrilamida, un compoñente potencialmente tóxico e posiblemente canceríxeno producido durante o torrado dos grans.

Iris Pérez Valcarce

RECORDANDO AO NOSO AMIGO FÉLIX.....

O 14 de marzo cumpriuse o 90º aniversario do nacemento do gran divulgador científico Félix Rodríguez de la Fuente, día que coincide tamén cos 38 anos do seu falecemento.

O IES Xograr Afonso rende homenaxe e agradecemento á súa labor cun mural realizado polo alumnado de 1ºESO.



Traballo realizado polo departamento de bioloxía.

TODO É MÚSICA

Definen a música como: “Arte de combinar os sons harmonicamente seguindo unhas determinadas regras.”

Credes que é certo?

Non sei vós, pero para min a música é moito máis que melodías bonitas ordenadas harmonicamente.

Queredes saber que é a música?

Pois mirade...

O silencio é a música máis delicada e misteriosa.

A choiva é a música máis precisa e impredecible.

O vento é a música máis lixeira e suave.

O traballo é a música máis coordinada e peculiar.

A cidade é a música máis inesperada e atarefada.



A partitura é a música máis ensaiada e disfrutada.

As persoas son a música máis especial e única.

Os animais son a música máis sorprendente e natural.

NA MÚSICA TODOS OS SENTIMENTOS VOLVEN Ó SEU ESTADO PURO E O MUNDO NON É SENON MÚSICA FEITA REALIDADE.

(Arthur Schopenhauer)

Ángela Rincón Rodríguez

2º BAC A

CANCIÓNS DE OT 2018

Trála fama do concurso Operación Triunfo 2017, aquí che traemos a historia dalgunha das cancións máis destacadas desta edición.

"Shake it out" (Amaia)

"Shake It Out" —en galego «Sacúdeo»— é unha canción da banda británica de rock indie Florence and the Machine, lanzado no segundo álbum de estudo Ceremonials (2011).

A súa compositora, Florence Welch, revelou que a canción foi escrita nunha hora e trata sobre desfacerse dos pesares e das cousas que a estaban perseguindo.

"Shake It Out" é unha canción pop barroco con elementos gospel que contén órganos campanas e panderetas como a súa instrumentación principal. A canción recibiu críticas positivas dos críticos de música que eloxiaron a voz de Welch e o seu carácter de himno.

"City of Stars" (Amaia & Alfred)

"City of Stars" é o nome dunha canción interpretada por Ryan Gosling e Emma Stone da película La La Land de 2016. Foi a gañadora nos Premios Oscar e nos Globos de Ouro como Mellor canción orixinal. O seu compositor é Justin Hurwitz e a letra estivo a cargo de Benj Pasek e Justin Paul.

"La Bikina" (Ana Guerra)

"La Bikina" é unha canción mexicana composta por Rubén Fuentes en 1964. De acordo con Fuentes, escribiu a canción despois dun paseo pola praia, onde o seu fillo lle comentou que as mulleres que levaban bikinis deberían de chamarse «bikinas».

"La Revolución Sexual" (Grupal)

"La revolución sexual" ´é o primeiro sinxelo do terceiro álbum de estudio do grupo de pop La Casa Azul. O tema foi candidato para representar a España en Eurovisión. Esta canción está considerada como o himno do século XXI do colectivo LGTBIQ.

"Issues" (Aitana)

"Issues"- en galego "Problemas"- é un sinxelo da cantante e compositora estadounidense Julia Michaels, lanzado en 2017.

Moitos artistas de renome loitaron pola canción, pero Julia non podía imaxinar a ninguén que non fose ela cantándoa, posto que fala das dificultades do amor e as súas eivas neste. A canción foi escrita tras unha pelexa co seu mozo.

"What about us" (Miriam)

"What about us" – en galego "que pasa con nós"- é un sinxelo do álbum Beatiful Trauma (2017) da cantante estadounidense P!NK.

No videoclip desta canción a artista mostra varios colectivos cuxos dereitos están en perigo desde o nomeamento de Donald Trump como presidente: inmigrantes, parellas do mesmo sexo destacando a xenial coreografía de dous rapaces; e outras minorías reivindicando os seus dereitos.

"OK" (Roi)

"OK" é unha canción do DJ alemán Robin Schulz, lanzada no 2017, interpretada polo cantante e compositor James Blunt.

O videoclip que acompaña ao lanzamento está protagonizado por James Blunt xunto á actriz alemá Lisa Tomaschewsky, e no que tamén aparece o propio Robin a modo de cameo. Trata sobre un home que intenta desfacerse dos recordos dunha antigua relación borrándoos da súa mente.

Patricia Rodríguez e Laura González

BENVIDOS AO MUNDO DO *KPOP*

O *kpop* (*korean popular music* ou *korean pop*) consiste nun estilo de música provinte de Corea do Sur que abrangue diversos xéneros como o Rock, o Jazz, o Hip-hop ou o R&B, ademais de complicadas coreografías que captan a atención de calquera mirada curiosa.

O seu nacemento sitúase a finais do século XIX, cando o misioneiro norteamericano Henry Appenzeller introducía diferentes cancións tradicionais propias da súa terra e da Gran Bretaña, para logo traducilas ao idioma e así seren cantadas polos cidadáns. Estás melodías serían denominadas "Changga" (canción). Tamén recibiu moita influencia do Xapón a principios do século XX coa súa colonización, tempo no que tamén se traducían cancións propias do pop xaponés, o que permitiu a creación do primeiro álbum de *kpop* coñecido na actualidade: "Yi Pungjin Sewol", publicado no ano 1925. A continuación, os diferentes artistas coreanos da época comezaron a compoñer as súas propias cancións, como foi o caso de "Nakhwayusu", coñecida por ser a primeira melodía de orixe coreano no ano 1929.

Tras a división de Corea no ano 1953, Estados Unidos deixou as súas tropas no sur para así proporcionarlles protección, o que favoreceu o intercambio de culturas. Foi cerca da década dos noventa cando o *kpop* comezou a expandirse con forza con grupos como Seo Tai-ji and Boys e Sechskies.

Todos os idols (nome que reciben os artistas deste xénero) deben manter un físico excepcional, o que os leva ao límite debido a que deben seguir certas dietas e exercicios exhaustivos baixo moita presión e traballo continuo que, a miúdo veces, non lles permite nin sequera durmir. Para maior preocupación, non deben mostrar sinais de fatiga, estrés ou enfermidades como a depresión e a bulimia xa que, desgraciadamente, Corea do Sur é un país capitalista que se centra máis no beneficio propio que na saúde dos seus traballadores.

Actualmente, o *kpop* converteuse nunha das grandes potencias musicais a nivel mundial, pois posúe una gran variedade de estilos, o que permite compracer os diferentes gustos dos seus fanáticos. Sen dúbida, atoparedes algún grupo ou solista que vos agrade e mesmo vos encante! A continuación, presentarei uns cantos grupos que vale a pena coñecer:

GOT7

GOT7 é unha *boy band* composta por sete rapaces cun talento excepcional, que mesmo escriben e producen as súas cancións: **Mark, JB, Jinyoung, Jackson, Youngjae, Bambam** e **Yugyeom**. A súa especialidade é o Hip-Hop, aínda que tamén traballan outros estilos como R&B e Rap. Entre os seus álbums destacan cancións como **"Look", "Hard Carry", "If you do", "You Are"," Mayday"** ou **"Skyway"**. Cabe mencionar que neste grupo existe unha sub-unidade chamada **JJ Project**, composta polo seu líder, Jaebum, e por Jinyoung, un dos vocalistas. Ambos xa debutaran antes de integrarse en GOT7 e eran recoñecidos en todo Corea do Sur. Entre as súas

cancións máis destacadas atopamos **“Tomorrow, Today”, “Coming Home”, “Bounce”** ou **“Don’t wanna know”.**

TWICE

Twice é unha *girl band* composta por nove talentosas rapazas: **Jihyo, Momo, Mina, Dahyun, Tsuyu, Chaeyoung, Jeonghyeon, Sana e Nayeon.** Céntranse sobre todo no pop, con cancións como **“TT”, “What is love?”, ”Like Ooh Aah”, “Knock Knock”** e **“Cheer up”**. Actualmente é un dos grupos máis famosos en Corea do sur e en todo Asia en xeral, xa que atrapan os corazóns dos espectadores coas súas brillantes representacións.

BTS

BTS é un grupo composto por sete rapaces especializados en Hip-Hop: **RM, Jimin, J-Hope, Jin, V, Suga e Jungkook**. É, actualmente, un dos máis recoñecidos en Corea do Sur e mesmo fóra desta, pois cativa os corazóns das súas fans con diferentes estilos e complicadas coreografías. Cancións recomendadas: **“I need you”, “Fire”, “Blood, Sweat and Tears”, “Run”** e **“Spring Day**”.

RED VELVET

Cinco son as rapazas que compoñen esta magnífica banda: **Irene, Joy, Wendy, Seulgi e Yeri**. O seu estilo varía entre pop e R&B, xunto con diferentes conceptos que van variando a medida que sacan os seus álbums. Sen dúbida, este grupo é unha boa opción para escoitar. Entre as súas cancións máis destacadas encontramos **“Bad Boy”, “Ice Cream Cake”, “Red Flavor”, “Dumb Dumb”** e **“Peek-A-Boo”**.

SUPER JUNIOR

Actualmente, os integrantes de Super Junior son **Heechul, Donghae, Yesung, Siwon, Eunhyuk, Leeteuk** e **Shindong**. Presentan un grupo composto por sete membros, pois o resto deles están no servizo militar ou inactivos. Constitúen un dos grupos máis emblemáticos de todo Asia, namorando non só a todo o continente, senón ao resto do mundo, chegando dende moi lonxe a lugares como Europa ou América. Destacan cancións como **“Black Suit”, “Mr. Simple”, “It’s you”, “Lo siento”, “Devil”, “Sorry, Sorry”** e **“Mamacita”.** Supuxo un dos grupos que iniciou a esta servidora no marabilloso mundo do *kpop*.

BLACKPINK

Blackpink é un grupo feminino formando por catro talentosas rapazas: **Jennie, Rosé, Jisoo** e **Lisa**. Presentan conceptos moi atractivos e cancións moi pegadizas bañadas en estilos como o R&B, Pop e Rap, como por exemplo **"Boombayah", "Whistle", "As if it's your last"** ou **"Playing with fire"**.

BIGBANG

BIGBANG constitúe unha das bandas surcoreanas máis famosas a nivel mundial, pois a súa pegadiza música atrae a todos os públicos sen vacilación. Esta asombrosa banda está formada por **G-Dragon, T.O.P, Daesung, Taeyang e Seungri,** artistas que mesturan diferentes estilos como Pop, R&B, Electro Pop e Hip-Hop, con cancións como **"BANG BANG BANG", "Loser", "Blue", "Sober", "Haru Haru", "Fantastic Baby"** ou **"Fxxx It".**

MAMAMOO

MAMAMOO é un grupo moi especial formado por catro vocalistas de extraordinario talento e unha presenza abafadora: **Solar, Moon Byul, Whee In** e **Hwa Sa.** Xogan con diferentes estilos como o Retro, o Jazz e o R&B. Ademais, cada unha posúe unha voz única e incomparábel que arrebata os corazóns de quen as escoita. Destacan cancións como "**'Décalcomanie", "Starry Night", "'Um Oh Ah Yeh", "Yes I am"** e **"Piano Man".**

Ademais de todos os espléndidos artistas xa mencionados, cabe destacar grupos como **SHINee,** con cancións como "**Tell me what to do**" ou "**Lucifer**"; **EXO**, con cancións como "**Power**" ou "**Call me baby**"; **BAP**, con creacións como "**Moondance**" e "**1004**"; **Infinite,** con producións como **"Be Mine"** e "**The Eye**"; **BTOB,** con marabillas como "**I'll be your man**" e "**Missing you**"; **DAY6,** con cancións como "**I loved you**" e "**Congratulations**", e outros moitos coma **Monsta X, FT Island, Shinwha, KARD, VIXX** e **Dreamcatcher**, xunto con magníficos solistas como **Sunmi, Hyuna, CL, K. Will** e **Ailee.**

Noelia López Fernández

CANONS DE BELEZA

Hoxe en día todas as rapazas e rapaces queremos cumplir co canón de beleza que a sociedade nos impón. Básicamente falaríamos de mulleres moi delgadas e homes musculados. Sen embargo, o concepto de beleza non é universal e non sempre estivo entendido do mesmo xeito na nosa sociedade. Deste xeito, en sociedades desenroladas,

donde o alimento non é un ben limitado, a delgadez é considerada o ideal estético, mentres que, polo contrario, en lugares donde a comida é escasa, a redondez corporal é o máis desexable estéticamente. Por outra banda, tamén encontramos variacións no concepto de beleza que se foron producindo nas distintas épocas. Así dende a Revolución Francesa ata os nosos días podemos atoparnos con distintos conceptos de beleza:



- Tras a Revolución Francesa búscase o sinxelo. Abandonamos as pelucas e apostamos polos moños. Además o ideal de beleza eran mulleres pálidas con corpos lánguidos.
- No s.XX, estes canóns son marcados polo cine e a búsqueda de liberdades femeninas. Apóstase por mulleres de ollos escuros e mirada intensa.
- Anos 50: Destacan as mulleres de anchísimas cadeiras, redondeadas e voluptuosas pernas. Además, deixamos a palidez de lado e buscamos a pel bronceada.

- Anos 60:Impónse a extrema delgadez e dáselle protagonismo a minisaia.
- Anos 70: Corpo natural, pero extremadamente delgado.
- Anos 80: Expansión dos ximnasios por todos os centros urbanos e a aparición da chamada “Xeración Saúde”, que loitaban contra o tabaquismo e o alcoholismo.
- Anos 90: Comenzamos a falar de bulimia e anorexia como resultado da extrema delgadez imposta.



Actualmente o canón de beleza segue marcado pola sociedade. Os

medios de comunicación, os deseñadores, as pasarelas e todo o mundo da moda e publicitario fálannos dunha beleza ancorada ao "corpo perfecto". Este canón lévanos a unha obsesión que se manifesta en trastornos alimenticios como a anorexia e a bulimia nerviosas. Incluso á Vigorexia, que é unha obsesión en torno ao culto do músculo. Pero de verdade credes que merece a pena pasar por estas enfermidades, que en moitos casos nos levan a morte, para poder acadar o "corpo perfecto" do que nos falan?

Dende o meu punto de vista o "corpo perfecto" non existe, e non merece a pena buscalo e pór en perigo a nosa saúde. Cada corpo é un mundo, a uns gustaralles a outros non tanto, pero es ti quen te debes apreciar. Temos que seguir unha vida sá e querernos como a ninguén.

TENDENCIAS PRIMAVERA – VERÁN 2018

RAPAZA

1-AMARELO E LAVANDA

2-TRAXES MONOCOLOR

3-ATHLEISURE

4-LUNARES GRANDES E RAIAS

5-CORTE PALAZZO

6-FLORES GRANDES

7-RIÑONERAS

8- GAFAS RETRO E PANOS

RAPAZ

1-RALLAS

2- TRAXES DOS 80

3-ANOS 80: COIRO, COMBINACIÓNS POP,TONOS PASTEL,…

4-STREETWEAR

5- PANTALÓNS RECTOS

6-SILUETA OVERSIZE

7-ESTILO WORKER

8-ESTILO TOTAL WHITE

Paula Quiñoá Piñeiro

CANDO A RADIO...SE VOLTA ESCOLAR

Marconi, Tesla, dous enseñeiros, inventaron algo tan útil, práctico e máxico como é a radio. Un medio de comunicación determinante, que hoxe en día adaptouse aos tempos de internet, as redes sociais, as últimas tecnoloxías, para seguir tendo o seu papel determinante.

Pero a radio tamén poder estar na escola, aportar o seu humilde grano de area a unha comunidade educativa, neste caso a do noso IES. Pero non ten porque limitarse só a fins propiamente pedagóxicos, senón ofrecendo a través dos seus micrófonos contidos moi variados e con obxectivos ben diversos.

Deste xeito naceu este curso "Radio Xograr". Existía unha pequena estructura técnica, é dicir a mesa do *DJ Xograr* e a súa instalación de megafonía, que no seu momento permitiu emitir música nos recreos e ser escoitada nos dous edificios e na cafetería. Había tamén os proxectos que facían outros centros escolares e que se daban a coñecer en xornadas de formación de ámbitos varios. E, igualmente, certa experiencia radiofónica noutros campos de quen asina este texto, con ganas de compartir con quen estivese interesado nesta particular singladura.

Con estes vimbios, necesitábanse locutores dispostos a embarcarse nunha aventura semanal de arredor de 25 minutos, no recreo máis apropiado e longo da semana, é dicir o do venres, Tras varios intentos, avisos, propostas, foron aparecendo alumnos e alumnas interesados en formar parte do equipo, analizando con eles que rol ían desempeñar en "semellante embarque". Así, recurrindo a dous vellos micrófonos existentes no centro, que permitían locutar, engadindo unha decoración xeitosa ao espazo existente no edificio novo, "Radio Xograr" arrincou en plan experimental, probando moitas cousas e con non poucos erros o primeiro venres de novembro.

Dende esa data ata a presente (no momento de redactar este texto, imos polo programa número vinte), moitas cousas cambiaron, todas elas bañadas dunha palabra determinante: ilusión. Técnicamente moitas melloras (grazas, José Manuel polos medios aportados!!!): a vella mesa de mesturas do salón de actos, transformada en mesa de control; uns micrófonos e os seus brazos, como os dos grandes da radio galega ou nacional; un mesurado control de son para que todo soe e...o faga ben. Un luxo técnico que nos motiva cada semana, cada venres, e poder facer así programas cheos de contidos, intentando que sexan moi variados, e buscando sempre o reto de mellorar en todas e cada unha das emisións.

Polos micrófonos deste humilde radio (a radio dos recreos dos venres), conseguimos que fosen pasando os principais protagonistas da nosa comunidade escolar, cada un deles aportando deste xeito a súa experienza en terreos moi varios. Persoal non docente, cada un falando das súas funcións; encargados da cafetería e da cociña, informándonos do seu vivir cotidián; alumnado, contando accións diversas; e por suposto, moitos profesores e profesoras, cada un explicando tarefas varias máis aló das propiamente pedagóxicas. E como a radio é...maxia, non faltaron conexións en riguroso directo, cortes audio de conferenciantes, poñentes, visitantes...e incluso música no propio estudio.

Radio Xograr foi posible, no seu primeiro ano de vida dun animado e constante grupo de alumnos, moi impricados na tarefa de facer radio e moi pendentes da correcta coordinación, sempre necesaria nas ondas para que estas acaden o efecto buscado. Andrés Pérez Fariñas (2º ESO) foi o "mago" da sempre complicada técnica, tarefa na que axudou Pablo García López (2º ESO), encargado tamén dos necesarios consellos publicitarios e de animar o programa. María Rodríguez Lebón, Belén Garañana Durán – ambalasdúas de 1º de Bacharelato – e Laura López López (2º ESO) recopilaron cancións, nas linguas estranxeiras que se estudan no centro, é dicir Inglés e Francés. A terna de entrevistadores estivo formada por Tomás Cumbraos Díaz (3º ESO), Patricia Rodríguez Díaz (4º ESO) e Yasmina Vázquez López (4º ESO). Imitacións e chistes foron cousa de Daniel Rodríguez Cabada (2º ESO), como dos deportes fixo Héctor Corujo Muíña (2º ESO,) encargándose do "pulso xograrino", Janeth Rodríguez Alonso, do mesmo nivel académico. Incorporouse igualmente ao equipo Enmanuel Hoyos Céspedes (1º ESO), levando a cabo tarefas necesarias como o silenzo, a gravación en vídeo, as fotos, a correcta colocación dos elementos decorativos, etc. E quen asina este texto, coordinou un magnífico equipo humano, que pouco tivo que aprender para facer algo tan especial como é un programa de...radio....neste caso "Radio Xograr"

Miguel Cumbraos Álvarez

DÍA DO LIBRO 2018

De novo o corredor da biblio se encheu de manualidades e, un ano máis, Laura López Pereiro sorprendeunos coas súas reflexións sobre o machismo imperante no mundo das editoriais que soubo plasmar nun interesante audiovisual que podedes consultar no canal de Youtube do Xograr.

Un ano máis o Xograr mostrou o seu compromiso co libro celebrando o **V FESTIVAL DO DÍA DO LIBRO** no que , unha vez máis , os alumnos deron boa conta do seu talento e cualidades interpretativas. Todo o festival estivo conducido por Daniel Rodríguez Cabada que demostrou ser un excelente mestre de cerimonias co que esperamos seguir contando no futuro. O festival deste ano tiña como finalidade reconciliarnos co libro do que tantas veces renegamos pero aos que lle debemos boa parte dos nosos coñecementos.

Os alumnos de 2º Bacharelato A: Sofía Valiña, Andrea López, Manuel Corujo, Iris Pérez, Ángela Rincón, Diego Pérez, Pablo Corral e Manuel López….demostraron que a poesía ofrece moitas posibilidades para profundizar na complexidade emocional do ser humano.

Do poema de Bertolt Bretch e da fotografía de Sebastián Salgado naceu esta montaxe teatral dirixido por Roberto Cerdá e que nós realizamos cos alumnos de 4ºESO B. Milagros Álvarez, Yessica Ameijide, Iker Arrabal, José M. Blanco, Chaneli Bonilla, Yisel Corporán, Carla Coto, Nezha El Habchi, Izabela Emilova, Noelia Fernández, Alba Fernández, Soraya Lago, Yanira López, Laura López, Javier L. Reyes, Javier L.Vilar, Adrián Otero, Maira A. Rios, Natalia Sánchez, Oriol Segalá e Cristina Shan ; foron os que protagonizaron este vídeo que nos estremeceu ao presentar a traxedia que se está a vivir en moitos lugares do mundo e que pretendía conmover e denunciar ao mesmo tempo.



A representación fragmentaria de "TRAVESÍAS" trataba de crear conciencia e de provocar reaccións nos espectadores para acadar un mundo máis xusto e solidario. Os alumnos de 2ºbacharelato: Alex Torres, Miguel Pérez, Iria López, María Arias, María López, Alesandra López e Alexandra Somoza mostraron toda a traxedia que os refuxiados e migrantes en xeral arrastran.



Este é o plantexamento da literatura de ciencia ficción: Que pasaría se…. e plantexaba a proximidade da fin do mundo. Pero aínda que no vídeo introductor , Adrián López presentaba unha predicción apocalíptica, María Varela e Albert Estrella (Paca e Pepe na ficción "Todo o tempo do mundo"), mostraron que non se trataba dunha historia de destrucción masiva senón dunha historia de amor.

"Máis libros, máis libres" non é un xogo de palabras; porque só a través da reflexión que provocan podemos reparar na manipulación a que tamén as palabras que empregamos nos someten. Saúl González e Andrés García recitaron e musicaron un poema de Rayden que se titula precisamente "A ditadura da lingua".

Antes , agora e sempre, os libros son divertidos. A versión do "Entremés do Eco" do grupo Ron Lalá polos alumnos de 2º de Bacharelato B permitiunos botar unhas risas . Capitaneados por Jesús Cela, o eco (Antía Álvarez, Uxía Gallego, Iván García, Andrés García, Saúl González, Paula Hernández, Iago López, Iria López, Alejandro López, Alba López, María López, Silvia López, Miguel Pérez, Víctor Soares, Nerea Urdí, María Varela e Raúl Villamarín) mostrounos as posibilidades insólitas e divertidas que o eco pode ter.

Porque moitas veces os libros son unha vía de escape de todos os problemas e preocupacións.

As alumnas de 2ºESO: Carmen Souto, Vania Vázquez, Ana Vizcaíno, Erika e Beatriz, souberon coreografiar unha das escenas máis suxerentes do musical La la land.



E con Cervantes e con esa máxima tan famosa e tan valiosa despedímonos agardando que o espectáculo fora do agrado de todos . Os alumnos de 4ºESOA atrevéronse a versionar un coñecido anuncio de gominolas que serviu para incentivar o consumo de libros .Os alumnos de 4ºESO: Alejandro Abella, Andrés Cela, Uxía Dono, Pedro Fernández, Yago Fernández, Andrea Fontal, Adrián Gay, Laura González, Manuel Goyanes, Ana C. López, Elena López, Mª Eugenia López, Myrian López, Laura López, Diego Porral, Javier Portillo, Alexia Quiñoá, Nuria Rivero, Patricia Rodríguez, Ismael Rodríguez, Xoel Santos, Xesús Vázquez e Yasmina Vázquez foron os intrépidos protagonistas deste spot.

QUE OS LIBROS VOS ACOMPAÑEN TODO O ANO!!!!!

Sonia Cantalapiedra e Ana Belén Durán

ÁLBUM

- TEATRO FRANCÉS EN LUGO

- RADIO XOGRAR

- CLUB LECTOR

- EN RADIO XOGRAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- CONCURSO DE BELÉNS

- VIAXE A ROMA DE 4º DE ESO

Manuel Corujo Muíña

TEATRO CLÁSICO. HÉCUBA, EURÍPIDES

Un ano máis, o alumnado de grego e latín de 4º E.S.O. 1º e 2º de B.A.CH acompañados polas profesoras do Departamento de Latín, Rosa Porto e Paz López, asistimos á representación da obra de Eurípides Hécuba. Despois de varios anos vendo comedia, este ano puidemos disfrutar, se iso é posible, dunha traxedia moi actual aínda que non sexa das máis coñecidas. O grupo que a representou foi o grupo de A Coruña, Noite Boemia, un grupo cunha grande experiencia sobre as táboas e que non defraudou ao público

En Hécuba asistimos á historia dos perdedores, neste caso das mulleres, que ademais de perder a súa casa, a súa terra, os seus fillos e maridos perden a liberdade, converténdose en botín de guerra e no caso das máis novas, en escravas sexuais(Casandra).Por iso entendemos mellor a actitude de Políxena, que prefire a morte antes cá escravitude. E por se non abondase coa crueldade dos vencedores(do inimigo) tamén as traizoan os antigos amigos e aliados. Para os gregos romper o vínculo de hospitalidade, como fixo Polimnestor, era moi cruel por iso Hécuba acepta resignadamente a morte de Políxena pero non parará ata vingarse do rei tracio. Pode entender que teña que perder fillos a causa da guerra pero non a causa da traizón dun antigo hóspede. É curioso tamén e moi de actualidade como os poderosos escondían diñeiro noutros países por se nos seus algo ía mal.

Esta obra fainos pensar como se pode pasar de telo todo(reis de Troia) a perdelo todo. Como a guerra presenta o lado máis ruín e criminal do xénero humano. A pesar do paso dos séculos, o home segue tropezando nas mesmas pedras e as guerras seguen expulsando á xente das súas casas e os vencidos seguen a ver como se violan os seus dereitos. Desgraciadamente a traxedia repítese . Como dirían os romanos " Quousque tandem…?"

Paz López Macía. Profesora de Latín.

SERIES, SERIES E MÁIS SERIES

O ano pasado preguntabamoslle aos *profes* polo que vían na *tele* cando eran nenos e adolescentes. En moi pouco tempo, o panorama audiovisual parece ter cambiado moito. Para eles a "Caixa tonta" supoñía ter ao alcance das súas mans unha ferramenta para poder ver películas, programas televisivos e series. Hoxe en día, a maioría temos o privilexio e preferimos ver todo á carta. Onde e cando nos apeteza. O televisor xa non significa o mesmo e as plataformas audiovisuais online adquiren cada vez máis protagonismo. A ampla oferta e a facilidade para acceder aos contidos tamén ten os seus contras. Ás veces teño a sensación de que isto fai que se perda certa maxia e que se valoren menos as producións.

A pesares do distinto que pode resultar a forma de consumir as creacións audiovisuais, o que resulta innegable é que que nos conten historias a través dunha pantalla nos segue encantando á maioría. Para min, as series forman unha parte importante do meu día a día. Gústame velas, engancharme, analizalas, comentalas, volver analizalas, aborrecelas… Este curso incluso comezo a pensar que poden resultar tan nutritivas como a lectura. Ao final, todo son historias, e das historias sempre hai moito que absorber. Aquí vos deixo algunhas das últimas series que vin.

The end of the fu*** world

A primeira palabra que se me vén á cabeza cando penso nesta serie é: raro. Raro, pero no bo sentido da palabra. Os personaxes resúltanme moi especiais e diferentes á maioría de adolescentes.

Ao longo da historia veranse envoltos nun complexo suceso que, persoalmente, me rompeu os esquemas. Creo que conseguen que non teñas unha opinión clara e que, polo tanto, non xulgues aos personaxes.

Merlí

Trátase dunha serie catalá na que se narra o día a día dunha clase de bacharelato nun instituto público. A chegada dun novo profesor de filosofía parece revolucionalo todo.

Paréceme unha serie fresca, actual e na cal nos podemos ver reflexados moitos alumnos, xa que considero que se nos mostran moitos personaxes moi dispares e con diversas problemáticas. Ademais, resulta moi crítica co noso sistema educativo e dá lugar á reflexión.

Paquita Salas

Serie dos directores e guionistas coñecidos como os "Javis", que ultimamente parecen estar ata na sopa. Javier Calvo e Javier Ambrossi preséntanos a vida de Paquita, unha muller que se dedica a representar artistas e que trata de buscar a "artista 360".

Para min, unha das mellores cousas da serie é o feito de presentar un formato estilo falso documental. Ademais o papel de Paquita está representado por un actor, Brays Efe que, na miña opinión, lle aporta moitísimo á serie e ao personaxe.

Las chicas del cable

Trátase dunha serie ambientada arredo dos anos 30 que xira arredor dos sucesos dunha empresa de telefonía en Madrid. A protagonista principal é unha muller con moitos segredos que comparte o seu día a día con outras catro mulleres telefonistas. Todas teñen personalidades moi distintas, pero todas deben enfrontarse ás dificultades que se atopan diariamente polo simple feito de ser mulleres.

Os xeranios do señor Alfonso

<<Os xeranios do señor Alfonso>> é unha curtametraxe que recibíu moitos premios e que fixeron rapaces da nosa idade do CPI Virxe da Saleta de Cea, un colexio preto de Ourense, cuxa directora e profesora de tecnoloxía, Maite López Losada, é sarriana e ex-alumna do Xograr. A continuación entrevistamos a David González Gómez, o profesor que dirixíu o proxecto.

Como xurdiu a idea de facer a curtametraxe?

Eu tiña unha alumna chamada Carlota que era moi boa facendo bonecos con gomaeva, e ademais, gustáballe. Un día pregunteille se quería facer un traballo de animación (xa fixeramos traballos deste tipo con outros alumnos) e ela aceptou. Carlota tiña que facer os bonecos e xuntar un grupo de xente. Reunimos o grupo e comezamos a facer un traballo de animación.

Canto tardastes en realizar este proxecto?

Tardamos un montón, un curso e medio. Comezamos sobre marzo dun curso. De marzo a xuño fixemos o guión e o *story board* e no seguinte curso fixemos todos os decorados, as animacións e os bonecos.

Canto vos levou a rodaxe?

Debimos de comezar en xaneiro do segundo curso. Foi máis ou menos de xaneiro a xuño. Uns cinco ou seis meses.

En que tempo se levou a cabo todo (recreos, horas libres, etc.) ?

Ao principio, un ou dous recreos por semana para facer o guión, pero para facer as animacións xa tivemos que coller todos os recreos. Incluso ás veces quedabamos pola tarde despois das clases. Lémbrome dunha vez que había unha festa no colexio pola tarde, a partir das cinco e media, estiveron todos de festa e nós quedamos facendo as animacións ata as oito ou nove da noite.

Os rapaces din no *making off* que levaron traballo para a casa. Houbo que pedirlles horas aos outros profesores?

Claro. Incluso fixemos traballar a algún outro profesor. Os rapaces tiñan que levar traballo a casa, como facer as tellas ou os bonecos, buscar ramiñas para facer as árbores, e os profesores tamén. Unha profesora fixo a neveira, eu fixen elementos do interior dos decorados, etc. Todos aportamos un pouquiño, pero intentamos facer as cousas no colexio.

Que traballos hai que facer antes dos decorados e do guión?

O primeiro que hai que facer neste tipo de traballos é o guión. Antes de nada hai que buscar unha idea. Reunímonos para decidir de que iamos falar e propuxemos unha serie de ideas. A que máis nos gustou foi a de falar sobre o despoboamento do rural. A partir desa idea comezamos a buscar os personaxes.

Cantos colaborastes neste proxecto?

Moitos. Os rapaces que máis traballaron foron cinco. Deles, dous, Carlota e Alejandro, os que aparecen no *making off*, traballaron dende o comezo ata a fin en todos os procesos. Tamén houbo tres ou catro que facían decorados, animacións... Outros tres ou catro axudaron a facer outras cousas. Seriamos uns dez rapaces e tres ou catro profes, cada un facendo unha cousa distinta. En total fomos bastantes, tendo en conta que o noso centro é moi pequeno.

De que curso son os alumnos que participaron?

De case todos os cursos da ESO. Había xente de cuarto, de terceiro e de primeiro. Penso que non había de segundo, pero por casualidade.

Como foron seleccionados os rapaces?

Seleccionáronse eles, quero dicir que colaboraron os que quixeron. Carlota formou un grupo, e logo, os que querían unirse, uníanse.

Que materiais empregastes?

Moitísimos, pero todos moi baratos, porque non tiñamos moito presuposto. Para facer os decorados grandes, láminas de porexpán, das que se utilizan como illantes. Para os decorados pequenos, as casiñas eran de arxila pintada con témperas. Tamén moitas ramiñas e musgo. Para facer as bases empregamos taboleiros de madeira. Os bonecos estaban feitos por dentro con arame e madeira e recubertos con gomaeva.

Que aparellos precisastes?

Unha cámara réflex boa cun obxectivo réflex e un trípode estable. A cámara estaba enganchada a un disparador para que ao facer a foto non se movera a cámara. Tamén utilizamos luces de baixo consumo e ferramentas (desparafusadores e martelos).

Tivestes que mercar algún aparello?

A cámara era miña e as ferramentas estaban no taller de Maite, que é o paraíso das ferramentas.

Cal foi o presuposto da curtametraxe?

Moi baixo. Non tivemos que mercar cámara nin ferramentas. Mercamos planchas de porexpán a cinco euros cada unha, a arxila, case nada e a gomaeva, un euro ou dous cada lámina. Penso que non gastamos nin cincuenta euros en total.

Quen dobra os personaxes?

O señor Alfonso é un profesor chamado José Ramón. O neno dóbrao Alejandro e a nai é unha alumna chamada Nieves.

Quen elixíu o tema do despoboamento para a curtametraxe?

Os alumnos. Reunímonos para elixir o tema. Alguén propuxo o despoboamento do rural e pareceunos unha boa idea.

Que opinas deste problema?

Que é moi triste. É como unha pescada que se morde a cola: a xente vaise porque non hai servizos e non hai servizos porque a xente marcha. Por outra parte, non comprendo que haxa xente que deixa caer a súa casa para ir vivir a unha cidade, cando ás veces podería desprazarse todos os días. Eu vivo nunha aldea, pero a 10 minutos de Ourense.

Na contorna de Cea existe este problema?

Por suposto, en todo o interior de Galicia, sobre todo en Ourense e Lugo. E as autoridades tampouco axudan moito: élles máis rendible pechar os centros de saúde e as escolas. Por exemplo, o noso colexio ten a metade dos alumnos que tiña hai uns anos.

Ocórrenseche solucións?

Que cambiemos todos un pouco a mentalidade, é dicir, que valoremos máis o rural. Se isto fose así realmente, penso que non teríamos este problema. Hoxe todos temos coche. Os concellos tamén poderían dar axudas, por exemplo, ao construír unha casa no rural.

Que premios leva gañados esta curtametraxe?

Moitos. Gañamos un en Ourense, un segundo posto en Lugo nun certame da defensa da contorna natural. Tamén

acadamos un en Valencia a nivel nacional e outro en Croacia nun festival a nivel internacional. Ademais, estivemos en Plasencia nun festival chulísimo, aínda que non gañamos.

Tras esta actividade, algún dos participantes se orientou cara a estudos audiovisuais?

Aínda son moi novos, pero un día un rapaz, Raúl, ensinoume unha animación feita por el de *Son Goku*. Pero o meu obxectivo ao facer a curta non é que se fagan animadores ou artistas de cine. O que quero é que aprendan a traballar en equipo e a expresar as súas ideas. Tamén é para que se sintan valorados, porque fixeron algo que non é habitual.

Como perciben os nenos esta experiencia?

Como moi positiva. Sei que se emocionaron moito. Traballaron moito, pero disfrutaron. Ademais, coñeceron moita xente nos festivais.

Como o percibe o resto do colexio?

É un superorgullo para todos.

Hai outros proxectos deste tipo en curso?

De momento, non. Ao mellor, o ano que vén ou dentro duns anos facemos outro.

David, que coñecementos tiñas ti antes de facer esta curta?

Eu estudei animación en Madrid e fixen unha curta alí, pero eran debuxos animados e había que ir de debuxo en debuxo. Cos coñecementos que tiña destas técnicas unidos a que me gusta a fotografía, algo controlaba. E logo aprendín moito dos nenos traballando con eles.

Como valoras ti a experiencia?

Foi marabillosa. Eu quedei moi contento, pero moi canso porque foi moi traballoso e longo (catro minutos en animación é moitísimo), pero foi unha experiencia moi positiva. Quedou moi fermoso, os rapaces aprenderon moito, melloraron moito en actitude e foi moi interesante para eles poder ir aos festivais.

Compensou todo o traballo que deu?

Si, claro. Moita xente xúlgao polos premios, pero non é só iso. Tamén é o feito de que o presentamos no cine do Carballiño, na pantalla grande, e disfrutouno todo o mundo. Ademais, o feito de ir aos festivais, que nos seleccionasen a curta, que os rapaces coñeceran outros rapaces,... todo isto xa compensa.

Coñece a curtametraxe nos seguintes enlaces:
Curtametraxe:
https://www.youtube.com/watch?v=pKnKh0lJlDY
Making off:
https://www.youtube.com/watch?v=MSoj61f3IjA

Entrevista realizada por Tomás Cumbraos Díaz

Entrevista Ana Belén

Profesora de lingua e literatura castelá, destaca a súa implicación nas diversas representacións teatrais que se realizan no centro.

Cantos anos levas no instituto? Cambiou moito neste tempo? Que é o que máis e o que menos che gusta del?

Aínda que no curso 98/99 estivera como provisional, non foi ata o curso 2008/09 que obtiven o traslado para O Xograr. A miña percepción do centro sempre foi bastante boa e creo que nos últimos anos non fixo senón mellorar. Sempre houbo no centro un bo ambiente e creo sinceramente que esta é unha das súas fortalezas . Nos últimos anos, as melloras físicas e o investimento en novas tecnoloxías , provocan unha sensación de melloría xeralizada que tamén se percibe no clima das aulas e e no nivel de compromiso dos alumnos co centro e coas actividades culturais que se lle ofertan. O meu primeiro curso no Xograr foi un dos mellores da miña traxectoria profesional porque me permitiu conectar cun grupo de alumnos excepcionais cos que iniciei unha etapa de madurez profesional que me fixo sentir moi realizada como docente. Sen dúbida foi unha das coincidencias máis significativas e relevantes na miña carreira docente. A súa pegada aínda está presente nas actividades que hoxe seguimos mantendo no centro como O club lector, esta revista ou o inicio da aventura teatral que desembocaría nos festivais que na actualidade realizamos co gallo do Día do Libro ou noutras datas (Fin de curso, Nadal…)

Pero creo que podemos seguir mellorando, aínda que non só se trate de mellorar senón de aproveitar todos os proxectos, talento e creatividade de todos. Quizás teñamos que traballar máis a coordinación para dese xeito ser capaces de mostrar todo o potencial co que traballamos e que pode facer do centro un lugar aínda máis atractivo para os alumnos. Sirva como exemplo o proxecto radiofónico que tanto éxito tivo este curso , o traballo realizado polos alumnos de Educación Plástica dentro do programa Educación Responsable no que participa o centro por vez primeira, ou o éxito do proxecto Salvavidas do curso pasado.

Sabemos que a lectura é unha das túas afeccións. Cres que as lecturas influíron moito no teu modo de ser e interpretar o mundo?

Como todo, supoño que o apego aos libros xurdiu na infancia. Creo que as lembranzas máis vívidas son ás dos libros : a súa textura, as súas ilustracións, o seu olor...A miña infancia foi clásica: Stevenson, MarK twain, DicKens, Verne, Amici, Salgari ou Enid Blyton. Daquela quedara prendida das Mujercitas de Luise May Alcott e con elas descubrin que , además de servir para vivir aventuras imposibles nos días lentos do verán, os libros servían para mostrar a complexidade humana. Con eles despertou un apetito voraz e creo que lía todo o que caía nas miñas mans. Dende as novelas de vaqueiros de Marcial Lafuente Estefanía aos cómics que comezaban a inundar os quioscos. As novelas do oeste encantábanlle ao meu avó e eu sempre as imaxinaba protagonizadas por Jhon Wayne e Lee Van Cleef (por seren as películas do oeste o produto estrela da televisión daquela época ,supoño) e das que lembro o ritmo trepidante que as caracterizaba . Cando me enterei de que para escribilas o autor so dispoñia dun vello atlas, dun libro de historia americane e dunha guía telefónica dos EEUU entendín o porqué daquel estilo escueto; aínda que como os decorados dos Wester xa os tiñamos , non apreciaba eu moitas carencias…Dos cómics, lembro as risas que nos botabamos con Mortadelo, Zipi e Zape e toda a súa parentela e tamén lembro os da insegura Esther coa que nos identificabamos moitas nenas naquel momento ...Fun moi ecléctica e supoño que tiña moito tempo. O instituto supuxo unha corrente de aire fresco moito máis revolucionario en todos os sentidos. Además dos clásicos que daban para moito nas clases de literatura porque había tempo para interpretar e recitar, descobrín a filosofía: Platón, Marx, Skinner, Freud… Tiven a sorte de estudiar nun centro pequeno , con profesores moi novos que viñan cheos de ilusión e de lecturas para sementar. E fixérono ben. Conseguiron que empezásemos a

leer tamén a prensa, a analizar os conflictos mundiais...Facíamos tertulias , atraíanos o comunismo, descobrimos o perigo das armas nucleares, coñecimos a canción protesta, aprendemos a internacional , interpretabamos a ficción de Kafka, degustabamos a W.Whitman,cantabamos a Brassens e a Jacques Brel...Foi estupendo! E depois, en COU , o descubremento da literatura máis próxima, a literatura con maiúsculas :Unamuno, Machado, Valle, Miguel Hernández, Buero Vallejo, Cela, Cortázar, Kafka, García Márquez,Martín Santos, Goytisolo, Ángel Valente… Non me gostaron nunca os culturalistas do 70 (parecíanme falso e snobs de máis) e Borges producíame un terrible desasosiego que aínda hoxe non superei . E toda a literatura galega: Celso Emilio Ferreiro e Castelao tiraban por min...Cando tocou decidir, tiña clara a elección e, aínda que xa daquela nos auguraban un negro futuro aos de letras, eu elexín Filoloxía. Creo que lle debo aos libros moito do que son. Neles fíxenme consciente da complexidade do noso mundo, dos outros e da miña propia. Aprendín a ser reflexiva , a facerme consciente dos meus defectos e limitacións, a poñerme na pel do que é diferente a min, a ser máis tolerante e a empatizar cos demáis...

Cales son algúns dos teus libros favoritos?

Sigo a ser ecléctica e voraz. Normalmente teño dous ou tres libros en proceso. Adoito acabar todos os que empezo pero non sempre o fago coa mesma atención. A día de hoxe creo que me sinto máis atraída cara a literatura galega que a que se está a facer en castelá , onde moitos títulos parecen andar respondendo a non sei que literatura de encargo para crear ou fomentar unha determinada opinión. E aínda que concienciar é un dos obxectivos da literatura de todas as épocas, creo que se nota moito a pegada ideolóxica que sustenta o encargo. Por iso creo que neste momento, o máis interesante está a ser escrito en galego(Nuñez Singala, Fran Alonso, Alonso, Rivas,Antón Lopo, Pedro Feijoo …) e desde a cosmovisión do galego e das galegas porque hai unha serie de autoras que me parecen estar a facer unha análise moi intelixente da realidade : de María Reimóndez ás máis novas Ledicia Costas ou Andrea Maceiras por poñer exemplos.

Dos libros que me marcaron falareivos de o San Manuel de Unamuno que me axudou a resolver tantas dúbidas respecto ao que fora a miña formación relixiosa, os Contos deCortázar por descubrirme outras posibles lecturas, inquietantes, da realidade; dos Cen anos de soidade de García Márquez polo carácter envolvente e arrebatador que tivo a súa ficción e Julio LLamazares que coa súa poética novela La lluvia amarilla fíxome entender a poesía que as paisaxes e os pobos abandoados agochan en cada pedra. Houbo moitos máis, con algúns rin, con outros chorei, con todos, medrei. Das últimas lecturas , salvando as feitas por entreterme e descansar, sigo recomendando Todo o tempo do mundo, de David Pérez Iglesias, que lin dun tirón e moitas veces a piques de bagoar pola exquisita sensibilidade coa que describe ese mundo do rural galego que esmorece sen que nos decatemos. Tamén recomendaría a Dolores Redondo coa súa triloxía do Batzán polo aproveitamento das lendas e mitos na construcción dun emocionante thriller actual, e para pasar unha boa tarde, Muerte a los coches de Blake Nelson co que botaredes unhas boas risas.

Que opinas da tendencia a despretixiar as humanidades e as súas carreiras?

Aínda que é un lugar común falar da oposición entre ciencia e letras e estes estudios parecen atravesar unha época crítica que mesmo se trasluce no sistema educativo; nunca antes a nosa sociedade fora tan sensible con respecto a importancia e beneficios que ten esa formación. Son moitísimas as familias que , vendo as carencias do sistema, invisten moitos recursos en proporcionarlle aos seus fillos esa formación musical ou artística, conscientes de que o desenvolvemento desas áreas será moi beneficioso para eles. Saben que lles van a facilitar o seu proceso de aprendizaxe, a favorecer o seu desenvolvemento intelectual e emocional e, por riba, permitiranlles un aproveitamento sano do seu tempo de ocio que vai ser moito ao longo da súa vida. Por iso e aínda que moitas veces pensan que non lles van a servir para acceder ao mercado laboral

(asunto que poderíamos tamén corrixir porque nunca se sabe…), nunca antes houbo un desembolso tan importante neste tipo de actividades. Quizáis porque nunca antes a felicidade do individuo importara tanto como agora. E esa felicidade ten moito que ver co desenvolvemento da sensibilidade , coa autodisciplina e coa capacidade para tolerar a frustración.

Como cres que poderíamos cambialo?

A todos os nenos lles encanta leer e que lles lean, tamén lles gusta debuxar, cantar, bailar e escribir. Teríamos que valorar ese atractivo que teñen as artes en xeral e aproveitalo de xeito que o seu interés non decrezca. Eu creo que é posible pero para iso precisaríamos dunha revolución no sistema educativo que , por outras moitas razóns, creo que xa comezou aínda que de xeito moi tímido .Persoalmente creo que non hai nada máis apaixoante que o estudio dos porqués das cousas e iso sempre nos leva á historia, a filosofía e a literatura. O problema da desafección que provocan estas áreas do coñecemento ten que ver hoxe coa excesiva carga teórica ou conceptual coa que se presentan. Se non pretendésemos abarcar tanto de forma superficial, creo que poderíamos despertar moito máis interese cara estes coñecementos que por outro lado, serán os que permitan destacar ao alumno en case todas as circunstancias da vida. Creo que por aí teríamos unha magnífica vía para reivindicalas e provocaría unha reforma verdadeiramente significativa e ambiciosa. E malia todos os defectos dos que estamos a falar, son moitos os profesores convencidos e comprometidos con este enfoque que xa o fan, que son capaces de emocionar aos alumnos ou que polo menos o intentan todos os días nas súas clases.

Como valoras a túa etapa educativa como alumna? Cres que cambiaron moitas cousas?

Levamos case 25 anos discutindo e reflexionando sobre como debe ser o ensino obrigatorio e aínda non temos unha resposta definitiva e satisfactoria. A sociedade española tivo que aprender a vivir en democracia e tivo que transformar todas as súas institucións para ese novo modelo social. Tamén a educación. A miña escola era moi básica en todos os sentidos, con moi poucos recursos e onde todo había de facerse porque si. Era a escola organizada pola Lei de 1970 .Pero era a escola da dictadura (que durou moito máis que aquel sistema) , plagada de símbolos do réxime e relixiosos, que seleccionaba os contidos e os valores acordes coa súa ideoloxía e que contemplaba a educación só como un proceso instructor. Na miña escola e xa en 7ºEXB aínda estaba enmarcado o último discurso de Franco e , como o profesor debía ser moi progre, tamén o primeiro do rei. Na escola empregábanse castigos vexatorios e o profesor tiña unha vara. Os recursos eran poucos e non era unha escola atractiva: todo era pecado ou falta de respeto. O respeto , mal entendido, era o eixo daquela formación. Por iso teño tan boas lembranzas do Instituto , porque alí foi onde percibín por vez primeira que as cousas estaban cambiando. Os profesores eran novos e o seu modelo era xa diferente,eran cercanos, empáticos e tiñan moitas ganas de influír en nós. Foi unha época bastante desordenada pero que servíu para ir rompendo moldes. Moito despois veu a LOXSE que provocou unha reflexión sobre os procedementos e a metodoloxía e marcou un punto de inflexión. Era unha lei ambiciosa que non acadou o apoio da comunidade educativa, unha comunidade que, paradóxicamente queda abraiada ante os sistemas nórdicos que tanto se parecen ao que ela presupoñía. O desenvolvemento das capacidades que hoxe parecen o definitorio da nova lei educativa ten nela a súa orixe pero introduce tal cantidade de contidos que os docentes temos a impresión de que é unha reedición da concepción tradicional de que só a repetición e a anticipación dos contidos permiten a aprendizaxe. De aí as presas polo aprendizaxe da lectura ou o carácter repetitivo que observamos nos currículos que non fomentan nin a curiosidade do alumno nin a profundización nos diferentes conceptos.É dicir, que aínda non temos un modelo satisfactorio.

Eu estou convencida de que un enfoque instrumental ou vivencial das humanidades non ten por que conlevar unha mingua teórica nin moito menos.

Se hai algo que cambiou profundamente ao longo destes anos , en cambio, foi o traballo docente. Non é para nada certo

que os profesores impartan as clases como hai 50 anos. Nunca houbo tanta preocupación por facer atractivo o coñecemento, por buscar novas estratexias, por convertir as clases nun espacio de reflexión e descubremento. E iso malia a administración que non fai senón burocratizar o noso traballo, que nos resta liberdade continuamente e que que non nos pregunta sobre as realidades e a complexidade da nosa tarefa e que nos presiona para a obtención de simples estatísticas coas que politizar a educación. O noso traballo é bastante solitario e moitas veces incomprendido. Xogamos nun campo minada no que non hai prórroga e onde non se respetan os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Paréceche que o alumnado de hoxe en día é moi diferente?

Ser novo parece que acerca ás diferentes xeracións. Daquela tamén sodes inseguros e temerarios como éramos nós, pero creo que tedes unha autoestima máis alta e que sodes máis empáticos . Creo que vos expresades moito máis pero quizás non vos comuniquedes tanto como pensades, porque os medios que utilizados non se prestan para conversas moi transcendentais. Tamén creo que sodes máis responsables e que estades máis concienciados sobre o dano que tanto a droga como outras substancias vos poden causar.E que tedes unha formación máis ampla en todos os sentidos. Pero sodes novos, parécevos que vades "sobrados" pero non...teredes que equivocarvos moitas veces para ir definindo a vosa personalidade e iso doeravos moitas veces. Como vedes, eu non participo desas miradas beatíficas e falsas do pasado que repiten unha e outra vez que os xoves de agora estades votados a perder. Tópico falso co que tamén na miña época nos definían (en todas). A historia cúranos de todas esas visións apocalípticas do presente e das inxenuas e beatíficas do pasado. E creo que tedes ante vós un reto inmenso xa que teredes que remodelar o sistema que vemos como fai augas (e que contradí continuamente esa visión idílica e falsa do ben que o fixemos nós e os nosos antecesores) e reordenar os vosos valores de cara ao futuro.Os estudos avanzan que seredes xeracións máis desprendidas do material (quizás por necesidade), máis viaxeiros, e probablemente máis solitarios e cunha vida profesional moito máis cambiante do que é a nosa. Xa me contaredes...

Se non dependeses do programa educativo, como che gustaría enfocar a materia que impartes? Cres que se podería conseguir un interese xeral maior polo estudo da literatura?

Os currículos que afectan ao ensino obrigatorio parece que trata de que os alumnos teñan unha formación en todas as áreas do saber. Un obxectivo ambicioso , sen dúbida, pero que debido a intensidade coa que se pretende estudiar cada parcela do saber, resulta unha meta bastante imposible de acadar.Como moito conseguimos transmitir unha visión bastante xeral do que son os diferentes coñecemento científicos e xa. Se a iso lle engadimos que os contidos se repiten curso tras curso sen permitir un tratamento experiencial ou vivencial , estamos desterrando o principio básico de todo aprendizaxe que é a curiosidade natural do ser humano.

Na nosa área os libros repiten curso tras curso os mesmos contidos e como resulta que hai que estudialo todo en todos eles, o resultado é lastimoso. Todos os anos estudiamos a técnica descriptiva pero non ensaiamos esa técnica o suficiente para que o alumno a domine. E Iste exemplo vale para todo… Iso si, á hora da avaliación quereremos que o alumno o teña interiorizado e demostre a súa riqueza léxica e o seu dominio dun rexistro no que habitualmente non se move… Se realmente queremos desenvolver a capacidade lingüística deberemos fomentar o uso da língua en todas as situacións e nos diferentes rexistros . Un alumno de 1º da ESO pode aprender moito así e non memorizando só as características do texto en cuestión. Se xeralizamos este exemplo a todo o proceso, teremos localizado o problema. Sobran conceptos. Sobra teoría e falta práctica. Temos que replantexar o proceso tendo en conta o seguinte : que precisa lingüísticamente un individuo para desenvolverse na nosa sociedade? Son moitas habilidades as que habería que traballar atendendo ás destrezas fundamentais que seguen a ser 3 : leer, comprender e escribir correctamente. Esa formación non precisa de moitos conceptos, senón de moita

práctica,de moita lectura e de esforzo individual. Ese aprendizaxe precisa tempo, tempo que hai que adicar nas aulas para que a aprendizaxe sexa efectiva. A lectura comprensiva , a interpretación emocional dos textos, o recitado , a defensa das ideas, a dramatización e os talleres artísticos serían procedementos perfectamente válidos.

Algúns dirán que o sistema funciona porque hai resultados satisfactorios e mesmo excelentes en moitos casos. Sempre os houbo. Despois de todo, o éxito do alumno vai depender moito máis do apoio familiar e do medio sociocultural no que se inserte que de todas cantas ordenanzas educativas queiramos. Todos os que se fan lectores na infancia solventarán por si mesmos as carencias do sistema porque terán modelos de referencia e empregaranos no momento oportuno…

Antes de ser docente, valoraras algunha vez adicarte á ensinanza? Como foron as túas primeiras experiencias nun instituto?

Eu elexín Filoloxía porque me gustaba e como tamén me gustara moito a vida do instituto , sempre pensei que sería unha forma de quedarme… E aquí estou, moi feliz coa miña profesión e moi satisfeita co esforzo que supuxo chegar aquí. Pero cando eu rematei os estudios tiven unha oportunidade laboral que foi determinante na miña formación, a oportunidade de participar nun programa de educación infantil, de contidos bastante apartados do que eu estudiara e que me fixo replantexar absolutamente non só o concepto de educación senón tamén a súa finalidade. O programa era "Preescolar na Casa" e aí tiven a oportunidade de coñecer non só os fundamentos pedagóxicos e psicolóxicos da educación senón tamén a oportunidade de coñecer o carácter determinante que o medio familiar e social tén no proceso educativo porque o noso traballo realizábase no rural e coas familias. Creo que Galicia nunca pagará o traballo realizado por este proxecto que hai uns anos deixou de ser primordial para a consellería e que nós , cando vemos o abandono no que medran algúns alumnos, seguimos considerando como necesario xa que os Servicios Sociais case nunca son a solución.

Desde ese programa pasei xa aos centros de ensinanzas medias que , daquela, eran bastante diferentes. Nunca olvidarei aquel Primeiro de FP1 de Metal de 44 alumnos...Foi como aterrar en Marte e decatarme de que todo o que eu sabía e que consideraba fundamental sobre a língua : historia- fonética- fonoloxía- Saussure- o estructuralismo- o funcionalismo- a crítica literaria- a dialectoloxía...non me ían server para poder manter, cando menos, a orde naquelas aulas...Coma sempre , a literatura e os libros viñeron na miña axuda. Algún alumno me confesou que aqueles foran os únicos libros que lera na súa vida…

Todos os anos colaboras connosco creando algún anaquiño para AeA. Que dirías que aporta a nosa revista ao centro?

En primeiro lugar, recolle as vosas inquedanzas culturais e demostra que os alumnos están desexando participar en proxectos atractivos.En segundo lugar, ten calidade, porque está redactada cun estilo correcto e desenfadado que lle dan credibilidade e que demostra que hai, como dixen unha vez para definir a outro equipo do A&A ,moito talento circulando de xeito silandeiro polos corredores do centro. Ademáis é interesante e é divertida. Eu todos os anos aprendo algo cando a leo, coñézovos un pouco máis a través das vosas afeccións, ríome coas anécdotas dos meus compañeiros e percibo o agarimo con que está feita , que rezuma en todas as seccións. Creo que en cada número vai tamén un pouco da historia do curso, unha especie de anuario que reflexa o ambiente que aquí se respira.Creo que nos debemos sentir moi orgullosos dela e , por suposto, de vós , do equipo de alumnos e profes que desenvolven este proxecto. Eu só podo felicitarvos e animarvos. Sei que esta experiencia para vós vai ser fundamental no voso futuro. Porque a disciplina de traballo, as investigacións realizadas, o traballo colaborativo, a toma de decisións que realizastes...son un ensaio valioso para o que virá.

Relataríasnos a que consideres a mellor anécdota que viviras dentro dunha aula como profesora?

A verdade é que eu acostumo a pasalo bastante ben nas clases. Río moitas veces dos meus lapsus e tamén adoito rir cos alumnos das súas ocurrencias, dos seus chistes, e dos seus comentarios… Creo que a risa é un compoñente fundamental nas nosas vidas. Este ano teño unha que creo que merece a pena divulgar porque ás veces non somos conscientes do "perigosa" que pode resultar unha clase. Para que vos poñades en situación: este ano o centro participa no programa Educación Responsable que pretende a formación dos profesores e dos alumnos na importancia que a educación emocional ten no proceso de ensino- aprendizaxe.

Os profesores realizan un curso inicial e comezan a planificar o seu traballo . Chega a primeira titoría. O profesor con toda unha sesión perfectamente deseñada e , por suposto, perfectamente ilustrada co seu PPT correspondente, vai feliz e orgulloso disposto a convencer aos seus alumnos de que son grandes e de que, se se poñen van ser capaces de ser o que eles desexen...Presentación do profesor . Expectación xeral .

Comeza a actividade: o profesor di que lles vai plantexar unha adiviña para que descobran que obxecto agochado trae no seu bolso . Lee a adiviña pero ninguén sabe de que está a falar. Proban sorte : din todo tipo de obxectos absurdos. O profesor vai dando pistas para que saiban de que se pode tratar e por fin , óese dicir a palabra "xabón" .

"Xabón? "- repiten amosando o seu desconcerto. " Si"- contesta o profesor . Estupor xeralizado . O profesor saca o xabón e este comeza a circular polas mesas. O profesor anímaos para que o desenvolvan, o sintan, perciban o seu olor...E lles pide que pensen o que eles ven nese xabón. E pon un vídeo que fala de como diferentes escultores viron diferentes obxectos nunha pastilla como esa: algúns viron obxectos fermosos, delicados e outros tiveron visións negativas . Unhas e outras estaban no xabón. Que pretende dicirnos este exemplo?- pregunta aos alumnos o profesor . Os alumnos entenden que son o xabón e que se poden convertir no que queiran ...Marabilloso, pensa o profe entusiasmado . (Éxito de sesión!). Entón... un alumno pide permiso para facer co xabón a súa propia escultura. Boa idea!, pensa o profe (inxenuo). Adiante! Empeza a tallar o xabón. O xabón desfaise en faragullas(…) As faragullas comezan a ter vida propia. As faragullas avanzan cara as mesas dos arredores. As faragullas xa están no chan. As faragullas saltan. As faragullas voan. As faragullas convírtense en mísiles. As faragullas péganse ao chan . Unha alumna levántase e esvara nas faragullas (SOS!!) Por fin ,o alumno (teimudo!) consigue acabar a súa obra. O profesor alaba a súa creatividade . O profesor (nervioso) pide(ou berra?) que ninguén se mova e envía na procura dunha fregona(...). Os alumnos combaten con auga (bastante) as faragullas do xabón. Fin da sesión . (POR FIN!- pensa o profe).

Conclusión do profesor : Non fiarse das actividades que supoñan traballar con xabón.

Entrevista realizada por Manuel Corujo Muíña e Laura López Pereiro

ENTREVISTA A LAURA GARCÍA

Profesora de Matemáticas no Ies Xograr Afonso Gómez de Sarria por primeira vez durante o presente curso.

"Dende moi pequena gustábanme as matemáticas, recordo que cando tiña catro anos o mestre me regalou un libro de exercicios matemáticos".

Que estudaches? Tivéchelo sempre claro?
Estudei Licenciatura en Matemáticas, Dende moi pequena xa me gustaban as matemáticas, recordo que cando tiña catro anos o mestre me regalou un libro de exercicios matemáticos.

Como valoras a túa etapa universitaria dende a perspectiva actual? Que consello lle darías os que pronto comezarán a súa vida universitaria?
Foi unha etapa importante da miña vida, foi unha etapa de cambios. Eu fun estudar a Santiago polo que deixei de vivir coa miña familia para compartir piso con amigas, pasei de ter varios exames en cada materia a ter un exame final por materia. É, ademais, unha etapa na que te sentes moito máis responsable da túa vida, xa que tes que ser capaz de compaxinar os estudos con todo un gran abanico de actividades culturais, actividades deportivas e actividades de ocio.
O meu consello para todos aqueles que comezan esta etapa é que a aproveiten ao máximo, non só no ámbito académico senón en todo o que rodea á vida universitaria, porque sabendo organizarse chega o tempo para todo.

"Durante o instituto trátase de impartir uns contidos básicos de cada materia, que lle poidan ser útiles ao alumnado ao longo da súa vida e o doten dunha cultura xeral"

Que opinas do enfoque das materias durante a etapa do instituto, en especial a de matemáticas?
Durante o instituto trátase de impartir uns contidos básicos de cada materia, que lle poidan ser útiles ao alumnado ao longo da súa vida e o doten dunha cultura xeral, contidos que poderá profundar no futuro, ben sexa na universidade ou fóra dela.
No caso das matemáticas, os contidos da ESO son bastante repetitivos co obxecto de que os conceptos e os procedementos queden ben asimilados, sen embargo, no bacharelato os contidos xa son moito máis amplos.

Cales son as túas afeccións? Mudaron moito dende a túa etapa estudantil?
Dende sempre a pintura e as manualidades foron as miñas afeccións, con etapas nas que lles dediquei máis tempo e outras nas que un pouco menos. Mentres estaba no instituto pintaba e asistía a clases de pintura, logo durante a etapa da universidade e mentres preparaba as oposicións deixeino un pouco de lado e agora intento retomalo.

"O meu consello para todos aqueles que comezan esta etapa é que a aproveiten ao máximo, non só no ámbito académico senón en todo o que rodea á vida universitaria".

Como definirías a Laura do pasado, á que aínda estaba sentada nas cadeiras das aulas? Había algunha materia que se che atragantara?

A verdade é que sempre fun boa estudante, tomaba o estudo coma o meu traballo e esforzábame para sacar as mellores notas posibles. Sempre me gustaron máis as materias de ciencias que as de letras, a materia na que máis me tiven que esforzar foi inglés, incluso unha vez rematado os estudos universitarios, estudei inglés na escola de idiomas.

Este é o teu primeiro ano no centro. Como valorarías o teu primeiro curso nel?

Dende o primeiro día todos os meus compañeiros e compañeiras me acolleron moi ben. Ademais os alumnos e alumnas, en xeral, son traballadores e responsables que unido a que o número de alumnos por aula non é demasiado elevado facilita moito o traballo do profesor.

"En case todos os centros nos que estiven había unha revista, pero en todos estaba dirixida por algún profesor, sen embargo, gústame que neste centro os alumnos estean tan vinculados na súa elaboración".

Quizais aínda non lle botaras unha ollada moi profunda aos números anteriores de AeA, pero fálanos da túa primeira impresión. Estiveches nalgún outro centro cun proxecto similar?

Paréceme moi boa idea facer unha revista de centro, é unha forma de recoller momentos vividos durante o curso e de facer partícipes a distintos membros da comunidade educativa. En case todos os centros nos que estiven había unha revista, pero en todos estaba dirixida por algún profesor, sen embargo, gústame que neste centro os alumnos estean tan vinculados na súa elaboración.

"Tiven moita sorte en aprobar as oposicións e poder dedicarme ao que me gusta".

Como imaxinabas que sería a túa vida despois da carreira, e en que se lle asemella?

Antes xa de comezar a estudar matemáticas tiña claro que quería dedicarme á docencia, porque dende sempre me gustou ensinar matemáticas. Polo que tiven moita sorte en aprobar as oposicións e poder dedicarme ao que me gusta.

A nota de corte da carreira de matemáticas parece aumentar cada ano. A que cres que está debido?

Ata hai poucos anos para estudar matemáticas só tiñas que ter aprobado selectivo, pero xa non é así, eu creo que o aumento de persoas que queren estudar matemáticas está en que cada vez hai moitas máis saídas profesionais. Precísanse matemáticos para a docencia, para a investigación universitaria, para empresas consultoras, para empresas de informática, de telecomunicacións, de banca, de finanzas e moitas máis.

Entrevista realizada por Manuel Corujo Muíña e Laura López Pereiro

Rescate Equino

"Rescate Equino" é unha asociación de Madrid que se dedica a recoller e coidar cabalos que viven en malas condicións ou están destinados ao matadoiro. Imos falar con Gema Gonzalo Hernández, experta en cabalos e colaboradora desta asociación.

Que é exactamente "Rescate Equino"?

Rescate Equino está formado por un grupo de voluntarios de varias asociacións de protección animal que, preocupados polo maltrato cara aos cabalos, burros e mulas, decidimos botarlles unha man. Por unha parte, recollimos uns cantos cabalos cuxo destino era acabar nun matadoiro e, por outra parte, intentamos concienciar á sociedade da situación de maltrato e desamparo que sofren en moitos casos estes marabillosos animais.

En que ano se fundou?

Foi en 2011, cando soubemos de cinco caballos que os seus donos querían levar ao matadoiro porque xa non lles eran útiles, e aí empezou todo. Fixémonos cargo deles levándoos a unha finca onde poder darlles unha xubilación digna e merecida.

Cantas persoas traballan en "Rescate Equino"?

Os voluntarios fixos somos só cinco persoas. Tamén hai voluntarios que non están tan comprometidos pero a súa axuda é tamén moi importante. Todo o traballo que se realiza en "Rescate Equino" é altruísta, ninguén recibe ningunha remuneración polo traballo realizado.

Cando empezaches a colaborar nesta asociación?

Empecei en 2011, cos primeros cabalos que recollimos.

En que consiste o teu traballo?

Fago de todo: doulle de comer aos cabalos, medicinas aos que as necesitan, labores de mantemento, deseño os folletos publicitarios (son deseñadora gráfica), busco financiamento,... Todo o que vai xurdindo!

Onde están as fincas cos cabalos?

Temos os cabalos en tres fincas diferentes, en distintos municipios de Madrid: El Boalo, Colmenar Viejo e Lozoya.

Cantos cabalos tedes actualmente?

Temos quince cabalos e dúas burras. En El Boalo están Ronda, Capitán Morgan, Mágica, Bandido, Pegaso, Black, Guapo, Ícaro, Lito e Brandy, e as burras, Marisol e Pepa. En Colmenar

Marisol e Pepa

Viejo están Kabul, Lluvia e Ali. E en Lozoya viven Nieve e Lushi.

Canto miden as fincas onde os tedes?

A finca de El Boalo ten 13 hectáreas. As outras dúas son algo máis pequenas, teñen unhas 7 hectáreas.

Con que alimentades os cabalos?

En inverno, que é cando máis precisan comer debido ao frío, dámoslles a todos avea en rama a discreción, que coman o que queiran. Aos máis velliños, que precisan un aporte extra, dámoslles tamén penso. En primavera, cando sae o pasto, deixamos a avea en rama e comen o pasto das leiras, que lles encanta e é o máis natural para eles.

Onde e como recolledes os cabalos?

Veñen de calquera punto de España, pero sobre todo da Comunidade de Madrid, e cada caso é distinto. Hai que preparar o papelame que esixe a lei para transportalos (guía de transporte e chip) e contratamos un transportista que os vai buscar cun camión especial. Cando chegan á nosa leira témolos apartados da manda un tempo para que se afagan á súa nova situación. Pasado este tempo, introducímolos na manda, que en pouco tempo acaba aceptándoo, aínda que ao principio lle custe un pouco.

Cal foi o caso máis curioso de recollida dun cabalo?

Poderíache contar mil historias! Cada caso é un mundo. Un caso moi chamativo é o de Lushi. Malvivía nun pequeno terreo nunha poboación de Huelva. O seu dono tiña alí varios animais: dous touros bravos, unha cabra, porcos, cans, galiñas,... todos

nunhas condicións lamentables, sarnosos, atados e famélicos. Atopamos tamén o cadáver dun

cabalo que morrera de fame. Grazas á denuncia dun veciño, o Seprona requisou os animais e varias asociacións e santuarios fixémonos cargo de todos eles. Nós acollimos a Lushi, que viña moi flaquiña, pero, como era unha poldriña, recuperouse deseguida.

Tamén é sorprendente o caso de Brandy, un cabalo moi simpático que o seu dono xa non quería porque estaba mal de saúde e non o podía montar. Xa chamara ao camión do matadoiro para que o levara e mercara outro cabalo. Menos mal que unha persoa soubo do caso, avisounos e deunos tempo a rescatalo. É incríbel como despois de telo 17 anos quixéronse desfacer del desa forma tan cruel, o matadoiro, un lugar horrible cunha morte espantosa.

A parte de cabalos e burros, que máis animais tedes en "Rescate Equino"?

Temos algúns gatos que non son sociables coas persoas, esterilizámolos e viven alí no almacén da avea, que lles encanta. Por suposto non están encerrados, teñen acceso ao exterior. Nas leiras tamén hai coellos, raposos e un montón de paxariños preciosos. É unha marabilla poder ver todos estes animais en liberdade e observar o seu comportamento. Apréndese moito deles.

Hai máis asociacións deste tipo en España?

Si, hai varias asociacións repartidas por toda España, aínda que non son suficientes para salvar tantos cabalos como o necesitan.

O goberno axúdavos co mantemento?

O goberno non axuda nada! Todo o mantémos con donativos e coas nosas propias aportacións. A alimentación, o aluguer das leiras, os veterinarios, o podólogo que recorta os seus cascos… Son moitos os gastos que temos. Cantos máis padriños teñamos, máis cabalos poderemos axudar.

Como hai que tratar a un cabalo para que non sufra (coidar, montar,…)?

En realidade, o que un cabalo precisa é moi sinxelo: estar ao aire libre formando parte dunha manda na que sentirse protexido, alimentación adecuada, coidados veterinarios e recorte de cascos periódico.

Na sociedade e no mundo do cabalo o normal é ter os cabalos en boxes e utilizalos para montar. Trátanos coma escravos ao telos pechados e buscar a súa utilidade. Só saen a pasear ou a competir cando o dono quere. Normalmente pónselles un bocado na boca, coa dor que iso lles ocasiona, e obrígaselles a facer cousas antinaturais, pasos que non son propios de cabalos, posturas forzadas que lles causan dor. Póñenlles ferraduras, que impiden que o seu sistema circulatorio funcione con normalidade e outras tantas prácticas aceptadas pola sociedade porque se fixo sempre así.

Hai alternativas a todo isto. Pódese montar sen bocado (pero é máis fácil facelo provocando dor e medo) e pódense poñer botas de silicona en vez de ferraduras (pero é máis caro).

Coñecín cabalos que viviron en liberdade máis de 40 anos, mentres que a vida media dun cabalo que vive nun box e é usado como unha ferramenta non adoita pasar dos 25. Tamén é certo que a esa idade (e antes) xa deixan de ser útiles, mándanse ao matadoiro e cámbianse por outros máis novos.

Para min, un cabalo non é unha ferramenta, é moito máis ca iso. Son animais marabillosos se os sabes ver na súa esencia, en liberdade, relacionándose con outros cabalos e cos humanos. É moito máis interesante e satisfactorio gozar da súa compaña sen necesidade de montalos, interactuar con eles sen obrigalos a nada, deixándolles ser cabalos.

Aquí o enlace do Facebook da asociación, para máis información: https ://es-es.facebook.com/rescateequino/

Entrevista realizada por Tomás Cumbraos Díaz

ENTREVISTA MARÍA REIMÓNDEZ

María Reimóndez Meilán, nada en Lugo no 1975, é unha escritora galega, doutora en tradución e interpretación pola Universidade de Vigo. É tamén fundadora da organización de cooperación internacional Implicadas/os no Desenvolvemento, da que foi presidenta ata 2013.

Sempre che gustou escribir ou houbo un momento clave que che fixo comezar a facelo? Como foron os teus incios no mundo editorial?

Sempre me gustou escribir e escribo dende que era ben pequena. Empecei a publicar un pouco de casualidade e grazas ao meu traballo como tradutora. Estaba facendo unha tradución para Edicións Positivas cando decidín levarlle ao editor Paco Macías a primeira parte de Moda Galega e de contado me dixo que quería publicala. Para contrastar con esa boa experiencia, naquela altura chamáronme tamén doutra editora na que un señor que xa non traballa nela se dedicou a humillarme e berrarme porque "os personaxes masculinos -todos eles secundarios- non estaban ben tratados na novela". Foi unha experiencia bastante dura pero que tamén me deu a entender en que mundo entraba e que era importante non deixarse amedrentar por señores deste tipo, que por desgraza abundan no mundo literario, máis non lles pertence.

O teu compromiso co feminismo vese claramente reflictido nos teus libros. Algún autor ou autora que recomendes para aqueles rapaces e rapazas que comecen a cuestionarse e pensar sobre feminismo?

Recomendo, por exemplo, Marta e a píntega de Eli Ríos e tamén, estes días máis ca nunca, a lectura d'A cabeza da medusa, de Marilar Aleixandre (e o resto dos seus textos) como libros de ficción. De teoría recomendaría que vos achegásedes a Feminismos, non porque sexa da miña autoría en colaboración con Olga Castro, senón porque creo que é o único libro que

dá unha panorámica ampla e non só occidental dos pensamentos feministas. E, por suposto, sempre cómpre volver Ás literatas de Rosalía de Castro ou calquera dos títulos de ensaio de María Xosé Queizán. Tamén vos recomendo que sigades a plataforma de crítica literaria A Sega (www.asega-critica.net) porque recomendamos libros moi interesantes de autoras e damos visións e lecturas relevantes neste sentido.

O teu abano literario é amplo e dispar, con que xénero te quedarías?

Por fortuna hai cousas na vida nas que non cómpre escoller. Escribo en todos os xéneros porque todos me dan espazos

novos diferentes para a creatividade.

"Dedicouse a humillarme e berrarme porque "os personaxes masculinos -todos eles secundarios- non estaban ben tratados na novela".

Esta entrevista incluirase na revista do noso instituto, "Aquí e Agora". Que opinas sobre o papel que desenvolven este tipo de proxectos escolares?

Creo que son moi importantes. Eu mesma participei na creación da revista A ghillotina do meu instituto, o Ánxel Fole de Lugo, e o curso pasado fixéronse 25 anos. Facer a revista non só axuda a escribir para quen lle guste, aprendemos a traballar en equipo, a xestionar tempos, prazos e o contacto con persoas. Todas estas cousas son moi importantes para a vida.

"Aquí e Agora" cumple 18 anos este curso. Esta idade semella unha etapa de cambios e descubrimentos. Que consellos lle darías a todos aqueles que se atopan nela?

A verdade é que son pouco de dar consellos. Creo que ninguén mellor ca vós para decidir que cousas vos gustan, vos interesan e que cousas queredes comunicar. Pensade que o voso proxecto ten impacto nas persoas que vos rodean, intentade utilizalo para crear unha sociedade máis xusta. Creo que ese é o único consello que podo darvos.

Como ben dixemos antes, o feminismo é un dos temas que tocas nas túas novelas e que, por suposto, levas ás túas charlas. Que consecuencias supón posicionarte desta maneira?

Para min a consecuencia máis importante é saber que non estás soa. Un dos elementos máis importantes dos feminismos é o apoio entre as mulleres, fronte a unha sociedade que tenta facernos inimigas. Eu atopo sempre a compaña das pensadoras, que me axudan a ser máis lista, máis profunda no que analizo; atopo a compaña das activistas, que traballan en todo o mundo e ás que me uno, para que todas teñamos dereitos e unha vida na que non se nos trate como mercadoría ou cidadás de segunda; atopo a compaña das escritoras feministas, con quen crear outro imaxinario que transforme a vida. Por suposto hai xente que critica e que ten prexuízos pero eu sempre creo que o problema é desas persoas, non meu. Os feminismos conseguiron dereitos para a metade da humanidade, buscan sociedades libres de violencia, máis respectuosas co medio, máis críticas coas relacións de poder. Son o único, por exemplo, que nos axuda ás mulleres a vivir felices nos nosos corpos, fronte a todas as mensaxes que nos inculcan o contrario (e que se lucran

con iso). Daquelas, quen está en contra de ser feminista está en contra de todas estas cousas.

"Para min a consecuencia máis importante é saber que non estás soa. Un dos elementos máis importantes dos feminismos é o apoio entre as mulleres, fronte a unha sociedade que tenta facernos inimigas".

A túa carreira tamén está moi relacionada con Rosalía de Castro. Cres que, pese a popularidade que se supón que ten, está o suficientemente recoñecida?

Creo que se foi avanzando en afondar sobre a súa figura pero aínda queda moito da "momia", esa imaxe antiga e chea de couza que quixeron facer dela os homes da súa

época e posteriores. Rosalía de Castro (RdC chámolle eu) é sen dúbida a escritora máis contemporánea de todas nós. Escribiu sobre o ciborg, sobre o xénero, sobre a clase, contra o clericalismo, antes de que ningunha destas cousas fose formulable. Foi indómita e moi real. Cómpre achegarse á súa obra e deixar de ler Adios ríos adios fontes e a Negra sombra sen contexto e sen unha visión completa do seu universo.

Que é o que máis valoras dunha obra como lectora?

Que me faga pensar, que me entreteña, que me emocione.

Cal das túas obras che resultou máis difícil de crear? Sintes especial agarimo por algún dos teus personaxes?

Creo que a miña obra máis difícil en canto a desafío formal foi A música dos seres vivos. É unha obra cunha



estrutura temporal moi complexa pero que ten que ser perfectamente lexible. Isto deume moito traballo. A nivel emocional, As cousas que non queremos oír, porque presenta un personaxe que me resultaba moi antipático e porque me fixo enfrontarme a

certos temas, coma o cancro, que requiren revisarse unha mesma en moitas cousas.

En calquera caso, creo que todas as personaxes que creo, mesmo aquelas que non teñen nada que ver comigo (que son moitas), todas merecen o meu mesmo respecto e non fago distinción entre elas.

O feminismo "*parece*" estar nun bo momento, exténdese e crece en popularidade. Cres que nesa corrente se está a ter suficientemente en conta a todos os perfís de mulleres?

Non estou moi certa de que o feminismo estea nun bo momento, estamos vivindo algunhas mobilizacións importantísimas socialmente, e estas son resultado de moitos anos de traballo silandeiro e moi duro. Agora sae moita xente á rúa por fin, pero foron moitos anos de xuntármonos só unhas poucas cada vez que se asasina unha muller. E o máis problemático é ata que punto o discurso feminista se segue rexeitando socialmente, como comentaba máis arriba. Moitas veces fálase, por exemplo nos medios, dos avances das mulleres, sen mencionar os movementos feministas. Nin se estudan nas escolas, nin se difunden por outras vías, iso xa en si mesmo é unha falta de respecto.

Os feminismos comparten unha teoría e práctica crítica con respecto ao poder, en particular a desigualdade entre homes e mulleres, mais non só. Creo que é o único movemento onde se debaten cuestións como a diversidade dos corpos, os conflitos de clase, raza, orientación sexual, discapacidade, lingua. Nese sentido si creo que se teñen en conta os perfís diversos das mulleres, o cal non quere dicir que todas as feministas o fagan, ou que non haxa discursos máis e menos

dominantes (coma o do feminismo branco occidental fronte ao resto).

"Cómpre achegarse á súa obra e deixar de ler Adios ríos adios fontes e a Negra sombra sen contexto e sen unha visión completa do seu universo".

Como ves o panorama literario galego? E a situación das autoras dentro desta?

Síntome incapaz de facer valoracións sobre o "panorama literario galego" en abstracto, pero se falo en concreto das autoras creo que as voces tanto na poesía, na narrativa coma no ensaio e no teatro que escoitamos das mulleres son diversas e potentes, interésanme moitísimo. Cando leo noutras linguas e obras doutras literaturas creo que a nosa ten unha pulsión rebelde e plural moi interesante entre as mulleres.

Dito isto, segue sendo un sistema onde se tenta enviar á marxe ás autoras de diferentes maneiras, onde seguimos sendo minoría en moitos xéneros, onde se segue tratando de forma estereotipada e unificadora as nosas obras. Mais o importante é que nos unimos e tiramos as unhas polas outras, como comentaba antes sobre a plataforma A Sega, e somos capaces de articular un discurso transformador que vai afectando o sistema, por moitas reticencias que teña. Por poñer un exemplo, A Sega recibiu o ano pasado o recoñecemento institucional na Gala do libro como mellor iniciativa literaria na rede. Non imaxino unha plataforma tan transgresora e vital recibindo un recoñecemento así nin no sistema literario español nin no portugués. Temos moito do que estar orgullosas como galegas, unha das cousas é do impacto dos discursos feministas no noso sistema político e literario. Isto danos azos para seguir, que aínda queda moito por facer.

"Segue sendo un sistema onde se tenta enviar á marxe ás autoras de diferentes maneiras, onde seguimos sendo minoría en moitos xéneros, onde se segue tratando de forma estereotipada e unificadora as nosas obras".

A túa obra *Usha* foi lectura obrigatoria este curso para os rapaces de primeiro e segundo da ESO. Poderías falarnos da túa experiencia no proxecto de *Implicadas* a raíz do cal xurdiu o libro?

Fundei Implicadas no Desenvolvemento hai 20 anos e dado que non é un proxecto persoal, senón colectivo, gustaríame animarvos a que coñecésedes a organización máis ca a miña historia persoal que ao final non é relevante. Escribín Usha polo coñecemento que tiven de vivir no Sur da India os primeiros anos que traballei en Karnataka (dende o 94 ao 98) pero creo que todo iso xa queda un pouco atrás e o importante é o que o libro di ás súas lectoras e lectores.



Entrevista realizada por Manuel Corujo Muíña e Laura López Pereiro

DEPORTES

FÚTBOL

DEFINICIÓN: O fútbol (tamén chamado balompé) é un deporte que se practica entre dous equipos de once xogadores que tratan de introducir un balón na portería do equipo contrario impulsándoo cos pés, coa cabeza ou con calquera parte do corpo excepto cos brazos e coas mans. En cada equipo hai un porteiro, que pode tocar o balón coas mans (aínda que só pode facelo dentro dunha área).
O vencedor é o equipo que logra máis goles durante os noventa minutos de xogo.

ALGÚNS CLUBES DE FÚTBOL:

S.D. Sarriana

Neste clube (como na maioría de equipos) existen diferentes categorías:

Biberóns: Nenos e nenas de 4-5 anos.

Prebenxamíns: Nenos e nenas de 6-7 anos.

Benxamíns: Nenos e nenas de 8-9 anos.

Alevines: Nenos e nenas de 10-11anos.

Infantiles: Nenos e nenas de 12-13 anos.

Cadetes: Nenos e nenas de 14-15 anos.

Xuveniles: Rapaces e rapazas de16-18 anos.

Senior: Categoria que alcanza a idade de +18.

Este ano na S.D.Sarriana houbo eleccións para saber quen sería presidente do equipo. Isto sucedeu porque o antigo presidente deixou o clube o ano pasado. Houbo tres candidatos:

-Roberto Irimia.

-Agrupación dos adestradores

-Javier Prieto.

Ao final, o gañador das eleccións foi Javier Prieto, que fixo novos cambios no equipo fichando a xogadores como Ivan Barrio, Marcos Macía... Prieto dimitiu hai tres meses e deixoulle o posto a Manuel Sangil.

O equipo senior da S.D. Sarriana ascendeu a Liga Preferente o día 29 de abril, gañándolle ao Bóveda 4-0. Para celebralo, os xogadores do equipo deron unha volta por Sarria montados nun tren turístico saudando á xente.

F.C. Barcelona

Este equipo, que participa na Liga Santander, fixo nesta tempada un doblete, xa que gañou a Copa do Rei e a Liga Santander.

O Barcelona fixo unha tempada excelente, pero quedou eliminado na UEFA Champions League contra a A.S. Roma.

No Barcelona atópase un dos mellores xogadores da historia do fútbol, cuxo nome é Andrés Iniesta, que ten 33 anos e esta tempada vai ser a última que xogue como azulgrana, porque vai xogar a China. El explica que marcha a China porque xa non rinde como antes, e di que nun clube de tanto nivel hai que rendir ao máximo. Outro dos motivos polo que non quere seguir xogando en España é porque non quere xogar contra o seu pasado clube.

R.C. Deportivo da Coruña

O Deportivo da Coruña descendeu este ano á Liga 123 tras perder o 29 de abril contra o F.C. Barcelona. O clube coruñés intentou manterse na Liga Santander cambiando de adestrador, pero non deu resultado.

Ao descender á Liga 123, na próxima tempada será posible o derbi galego entre o Deportivo e o C.D. Lugo.

O Deportivo ten un filial en Monforte de Lemos, o C.P. Calasancio. Ser filial significa que se poden intercambiar xogadores mutuamente entre os dous clubes.

Daniel Fernández Villanueva e Alejandro Ayán Rodríguez

VIDEOXOGOS INDIES

Nalgún momento seguro que viches un xogo e dixeches “este xogo parécese moito a aqueloutro” ou pensaches que hai xogos moi parecidos. Pois si, a gran maioría dos xogos seguen un estilo determinado, como poden ser os *shooters* (xogos que se rexen principalmente por unha mecánica de disparos) ou os *RPG* (xogos nos que se manexa ao personaxe principal que evoluciona a medida que avanza a historia). E que pasa cos outros títulos, os que non se asemellan a ningún outro? Son os chamados “indies”; xogos independentes, innovadores e na maioría dos casos moi interesantes.

Limbo

Un neno perdido nun tétrico bosque trata de atopar a súa irmá perdida. Para avanzar, deberanse superar probas de inxenio e lóxica a medida que se descubren misterios sobre o bosque.

Cuphead

Este xogo ten un estilo gráfico moi particular, un estilo que recorda aos debuxos animados dos anos 30. No xogo somos un destes peculiares homes-taza e deberemos ir vencendo distintos inimigos para avanzar.

Undertale

Neste xogo con gráficos estilo retro controlamos a Frisk, un humano que caeu accidentalmente ao mundo dos monstruos e deberá pecorrer todo "Underground" e falar co rei para poder regresar á superficie. O xogo ten unha mecánica moi atractiva, na que cada decisión que tomemos influirá notoriamente no desenlace final. Por exemplo, cando comeza un combate temos a posibilidade de atacar, interactuar ou perdoar ao contrincante; e a decisión a tomar influirá na xogabilidade, nos diálogos e no desenvolvemento da historia.

The binding of Isaac

Neste título convertirémonos en Isaac, un neno calquera. Pero un día a nai deste recibe unha mensaxe divina, na que lle contan que o seu neno está corrupto e o debe sacrificar. Isaac ao ver as intencións da súa nai métese por unha portela ubicada debaixo dunha alfombra da súa casa. No xogo controlamos a Isaac, e temos que ir avanzando a través de salas e defendéndonos de monstruos coas nosas bágoas. O xogo tivo tanto éxito que outras empresas decidiron facer xogos similares, o estilo de xogo popularizouse e deixou de ser un *indie* para denominarse *runner.*

Héctor Corujo Muíña

DESPEDIDA DOS ALUMNOS DE 2º BACHARELATO 2018

Adiante, Xograres!

Na vosa partida,

só pido como o poeta que o voso camiño sexa longo.

Que sexa longo e que sexa lento

para que, sen presas, poidades saborear

os instantes todos do tempo que está por vir.

O futuro é voso

pero é unha páxina en branco

que agardo que escribades con moita paixón.

Para empezar, elixide ben a tinta,

que sexa diversa para que luza mellor.

Fuxide da monocromía

e da falsa beleza que ofrecen os recursos de edición.

Despois, pensade nun título que sexa suxerente

para tirar de vós en épocas de fraqueza ou desilusión.

Polo tema non vos preocupedes:

o asunto sodes vós,

todo un cosmos de inquedanzas, medos e ilusións.

E aínda que sodes quen de facer un guion

disfrutade tamén do pracer da improvisación.

Agora si,

habedes empregar a primeira persoa

e debedes inventar os vosos soños

que vos permitan ser o que ser soñades vós.

Que a letra sexa clara, segura.

Se errades, tachade sen rencor!

E coidado coas marxes, lindes do abismo son...!

E non esquezades empregar palabras galanas

que vos reconforten e humanicen

o voso hábitat laboral, social e individual.

Non vos repitades, probade da vida todo o seu pracer,

coleccionade amigos e tardes de lecer

para que os vosos argumentos teñan o que hai que ter.

Non esquezades os conectores:

preferide os que vos permitan encadear causas e consecuencias

para entender mellor como funciona todo,

como funcionades vós.

E sede orixinais,

porque todos tedes , polo menos, un verso co que sorprender .

Sabede que as notas agora poñerédelas vós.

e lembrade, coma Quixotes,

que é mellor a fama do xuíz sentido que a do rigor.

...E non vos esquezades de asinar

orgullosos de seren únicos e irrepetibles,

un eslabón perfecto na cadea que comunica a todas as xeracións.

Adiante, Xograres!

O noso futuro sodes vós!

En agradecemento

Ana Belén Durán Pernas

NONDESAESQUECEMENTO...AeA

“Ter afinidade é muito raro.
Mas quando existe não se precisa de códigos verbais para se expressar.
Existia antes do conhecimento, irradia durante e permanece depois que as pessoas deixaram de estar juntas.
Afinidade é ficar longe pensando parecido a respeito dos mesmos fatos que impressionam, comovem ou mobilizam. É ficar conversando sem trocar palavras.
Afinidade é retornar a relação no ponto em que parou sem lamentar o tempo de separação.
Porque tempo e separação nunca existiram.”

Do livro: "Alguém que já não fui" Artur da Távola, pseudônimo de Paulo Alberto Moretzsohn Monteiro de Barros

"Palavras são apenas resumos
dos nossos sentimentos profundos,
sentimentos que para serem explanados
precisam mais do que um SUJEITO,
um VERBO e um PREDICADO. "
Martha Medeiros

Chegou o teu barco
compañeira de travesía,
vogando arribarás ao novo destino,
AQUÍ sempre quedará
o ronsel da túa Esperanza,
o maino escintilar da túa calma,
a saudade e a lembranza.
AGORA e sempre
común temos a patria,
noutros portos nos atoparemos
e noutros mares NAVEGAREMOS!

Lola

AGRADECEMENTOS

Dende o equipo de Aquí e Agora gustaríanos dar as grazas a:

O **Concello de Sarria**, a conta de quen corren parte dos gastos referidos á impresión da revista.
A dirección e o equipo de Dinamización Lingüística, que sempre apoiaron este proxecto.
Os profesores que participaron na sección dime que: Miguel Cumbraos, Xosé Lois Gutiérrez, Jorge Marcos e Paz Prieto; e por suposto tamén a Laura García e Ana Belén por facer fronte á nosa entrevista.
Quen contribúe dende fóra a modo de colaboración externa como son os casos de Carmela Cela, Noelia Fernández e María Lopo.
Ángela Rincón e Cristina Shan, polos debuxos do índice e a contraportada.
Miguel Cumbraos por manternos ao día do sucedido na nosa biblioteca e nas actividades de francés.
Marisol Rodríguez polo asesoramento na área científica.
As coordinadoras Lola e Esperanza, que nos ensinan o camiño a seguir para que Aquí e Agora sexa real.
María Reimóndez, pola súa rápida e atenta colaboración e, sobre todo, por concedernos unha tan íntima entrevista.
Laura López Pereiro, pensadora e autora da foto da portada, así como da edición que a acompaña.
Todos os que vos servistes destas follas para facer, de forma anónima, as vosas queixas ao mundo.
E sobre todo a ti, lector, por ser por e para quen se fai esta revista.

Manuel Corujo Muíña
(en nome do equipo de Aquí e Agora)

A maquetación íntegra desta revista foi realizada por Laura López Pereiro e Manuel Corujo.

SE CHE GUSTOU ESTE NÚMERO DE AQUÍ E AGORA, OU SE POLA CONTRa CRES QUE HAI ALGO QUE DEBERIAMOS MELLORAR, PODES COMENTÁRNOLO NO NOSO BLOG revistaaquieagora.blogspot.com (ONDE TAMÉN ATOPARÁS AS EDICIÓNS ANTERIORES) OU ENVIARNOS UN CORREO A revistaaquieagora@gmail.com
E PARA ENTERARTE DAS NOSAS ÚLTIMAS NOVIDADES, SÉGUENOS NO TWITTER @RevistaAeA OU DÁLLE GÚSTAME Á NOSA PÁXINA DE FACEBOOK Revista Aquí e Agora

QUERES FORMAR PARTE DO EQUIPO DE AQUÍ E AGORA ? QUERES DESCUBRIR O QUE SIGNIFICA SER UN AUTÉNTICO REPORTEIRO ? POIS É MOI SINXELO ! SÓ TES QUE ESTAR ANTENTO AOS CARTEIS QUE SE IRÁN COLGANDO AO LONGO DO VINDEIRO CURSO E ASISTIR ÁS REUNIÓNS QUE PUBLICITAN.

EQUIPO



DIRECCIÓN

Manuel Corujo Muíña e Laura López Pereiro

COORDINACIÓN

Lola Chaos e Esperanza Fernández

REDACCIÓN

Patricia Rodríguez Díaz

Laura González Lemos

Iris Pérez Valcarce

Héctor Corujo Muíña

Ángela Rincón Rodríguez

Paula Quiñoá Piñeiro

Tomás Cumbraos Díaz

Daniel Fernández Álvarez

Alejandro Ayán Rodríguez

www.revistaaquieagora.blogspot.com

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Xograr Afonso Gomes

Sarria Concello